

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 5 de febreiro de 2007

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. Ignacio López-Chaves Castro
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D. José Manuel Couto Pérez
D^a. Marta Iglesias Bueno
D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte minutos do día cinco de febreiro de dous mil sete e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Figueroa Dorrego.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(67).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas da sesión ordinaria do 15 de xaneiro e da extraordinaria e urxente do 18 de xaneiro 2005. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(68).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 22/606, 21/1124
Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- D. Manuel González Carrera. Expte. 22/606.
- D^a. Pastora Fernández Pérez. Expte. 21/1124.

3(69).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE 4/1127.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Centro de día para persoas maiores a D^a. Rosa Alcántara Vilar. Expte. 4/1127.

4(70).- SOLICITUDE DA FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES PARA MINUSVÁLIDOS PSÍQUICOS PARA REALIZAR O CAMPEONATO GALEGO DE CAMPO A TRAVÉS 2007 O DÍA 7.02.07 NO PARQUE DE CASTRELOS. EXPTE. 6846/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do Instituto Municipal dos Deportes, do 25.02.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á Federaición Galega de Deportes para Minusválidos Psíquicos, a organizar o vindeiro 7 de febreiro de 2007, o Campeonato Galego de Campo a través 2007, no Parque de Castrelos, entre as 9.30 horas e as 14.00 horas.

5(71).- SOLICITUDE DA AGRUPACIÓN VIGUESA DE ATLETISMO-ZUNFER PARA ORGANIZAR O VI MEMORIAL ANDRÉS ABANQUEIRO O DÍA 17.02.07 NO PARQUE DE CASTRELOS. EXPTE. 6848/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do Instituto Municipal dos Deportes, do 22.02.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á Agrupación Viguesa Atletismo-Zunfer, a organizara o videiro 17 de febreiro de 2007, o cross con motivo de VI MEMORIAL ANDRÉS ABANQUEIRO, no Parque Quiñones de León, entre as 9.00 horas e as 14.00 horas

6(72).- SOLICITUDE DE RÍAS BAIXAS COMUNICACIÓN PARA ORGANIZAR O 11.02.07 A MARCHA CICLISTA HOMENAXE A OSCAS PEREIRO. EXPTE. 6849/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do Instituto Municipal dos Deportes, do 26.02.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a “Rias Baixas Comunicación“, a organizar o vindeiro domingo 11 de febreiro de 2007, a Marcha Ciclista Homenaxe a Oscar Pereiro, a partir das 10.00 horas, e que terá un percorrido por distinta rúas da cidade.

8(73).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL DURANTE O MES DE DECEMBRO DE 2006. EXPTE. 2115/335.

Mediante providencia de data 5.01.07 do concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, en cumprimento coa base 31ª das de execución do orzamento xeral, dáse conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Festas e Animación Sociocultural durante o mes de decembro de 2006, que son os seguintes:

EXPTE. 2044/335. CONTRATACIÓN DE GRUPOS DE ANIMACIÓN NO ENCENDIDO DA ILUMINACIÓN DE NADAL.

DECRETO CONCELEIRO DATA: 01-12-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 60815

ADXUDICATARIO: PEDRO VÁZQUEZ TABOADA

IMPORTE: 8.236,00 €

EXPTE. 2046/335. CONTRATACIÓN DA REPARACIÓN DAS PEZAS DO BELÉN E TRASLADO DAS MESMAS Á PRAZA DE COMPOSTELA.

DECRETO CONCELEIRO DATA: 07-12-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 63260

ADXUDICATARIO: FOKE DIGITAL SHOP, S.L.

IMPORTE: 11.950,00 €

EXPTE. 2048/335. CONTRATACIÓN DA MONTAXE, INSTALACIÓN E DESMONTAXE DO BELÉN DA PRAZA DE COMPOSTELA.

DECRETO CONCELEIRO DATA: 07-12-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 63245

ADXUDICATARIO: UNICORNIO ART & FANTASY

IMPORTE: 11.950,00 €

EXPTE. 2051/335. CONTRATACIÓN DA CARPA CARTEIRO REAL.

DECRETO CONCELEIRO DATA: 14-12-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 66859
ADXUDICATARIO: PEDRO VÁZQUEZ TABOADA
IMPORTE: 7.308,00 €

EXPTE. 2052/335. CONTRATACIÓN DE CINCO OBRADOIROS DE MAXIA PARA NENOS, NADAL 2007.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 14-12-06
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 66861
ADXUDICATARIO: PEDRO VÁZQUEZ TABOADA
IMPORTE: 11.500,00 €

EXPTE. 2058/335. CONTRATACIÓN DE INCHABLES PARA VIGOLANDIA 2006.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 18-12-06
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 67564
ADXUDICATARIO: PEDRO VÁZQUEZ TABOADA
IMPORTE: 3.900,00 €

EXPTE. 2059/335. CONTRATACIÓN DE SIMULADOR VIRTUAL DE NAVEGACIÓN PARA VIGOLANDIA 2006.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 18-12-06
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 67563
ADXUDICATARIO: FOKE DIGITAL SHOP, S.L.
IMPORTE: 6.960,00 €

EXPTE. 2060/335. CONTRATACIÓN DE BOSSABALL PARA VIGOLANDIA 2006.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 18-12-06
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 67433
ADXUDICATARIO: ALTAMIRA MÁRQUETING DIGITAL, S.L.
IMPORTE: 4.883,60 €

EXPTE. 2061/335. CONTRATACIÓN DE OBRADOIRO NAVINANOS FUNDACIÓN IGUALARTE, PARA VIGOLANDIA 2006.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 15-12-06
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 67456
ADXUDICATARIO: FUNDACIÓN IGUALARTE
IMPORTE: 2.900,00 €

EXPTE. 2062/335. CONTRATACIÓN DE PERSOAL DE VIXIANZA E CONTROL PARA VIGOLANDIA 2006.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 14-12-06
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 67562
ADXUDICATARIO: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.
IMPORTE: 6.459,07 €

EXPTE. 2063/335. CONTRATACIÓN DO ESPECTÁCULO O NOVO SHOW DE POPÍN, PARA VIGOLANDIA 2006.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 18-12-06
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 67561
ADXUDICATARIO: JUAN ADOLFO MAGUNA STRASSER

IMPORTE: 4.681,25 €

EXPTE. 2066/335. CONTRATACIÓN DE OBRADOIROS ESCOLA SINSAL, PARA VIGOLANDIA 2006.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 21-12-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 67554

ADXUDICATARIO: SINSALADUIO, S.L.

IMPORTE: 5.800,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

9(74).- PREGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁ A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE DOMINIO PÚBLICO PARA O USO PRIVATIVO DA REDE DE DISTRIBUCIÓN DE GAS DO PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO DE VALLADARES. EXPTE. 17664/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 19.10.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, o concelleiro delegado de Patrimonio e o interventor xeral, que di o seguinte:

PRIMEIRO.- Por esta Unidade de Patrimonio elaborouse un Informe Proposta, para a cesión de uso da rede de distribución de gas de titularidade municipal sita no Parque Tecnolóxico de Valladares, en data 10 de agosto de 2006, de acordo co Prego de Condicións que rexerá a Concesión administrativa para a utilización privativa da rede de distribución de gas do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Valladares na mesma data.

SEGUNDO.- Remitido o expediente á Asesoría Xurídica, esta emite informe en data 10.10.2006 no que sinala que: O prego contén as cláusulas esixidas polo artigo 80 RBEL e as demais estimadas pertinentes, que se consideran conformes ó interese público, ó ordenamento xurídico e ós principios de boa administración. Non obstante, considérase improcedente o canón concesional fixado na cláusula VII do prego de condicións: de conformidade co disposto no artigo 24 1. c) LRFL e no artigo 4, epígrafe 5, da vixente Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxas polo Aproveitamento Especial ou Utilización Privativa do Dominio Público Local, a taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministros que resulten de interese xeral ou afecten á xeralidade ou a unha parte importante do vecindario, consistirá, en todo caso e sen excepción ningunha, no 1,5 % dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente en cada termo municipal as referidas empresas. Esta taxa será compatible con outras taxas que poidan establecerse pola prestación de servizos ou a realización de actividades de competencia local, das que as empresas ás que se refire este epígrafe deban ser suxeitos pasivos, quedando excluída polo pagamento desta taxa a exacción doutras taxas derivadas da utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais. Daquela, o devandito canon concesional resultaría incompatible coa taxa fixada pola LRFL e a Ordenanza Fiscal para o uso privativo do dominio público obxecto da presente concesión.

TERCEIRO.- Conseqüentemente procede o sometemento á Xunta de Goberno Local do Prego de Condicións modificado nos termos informados pola Asesoría Xurídica.

Por todo o anteriormente exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o prego de condicións administrativas que rexerá a concesión administrativa de dominio público para o uso privativo da rede de distribución de gas do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Valladares, de acordo co texto que se transcribe ao final do presente.

2º.- Someter á información pública polo prazo e procedemento regulamentario o presente prego de condicións administrativas.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o prego de condicións administrativas que rexerá a concesión administrativa de dominio público para o uso privativo da rede de distribución de gas do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Valladares, que de seguido se transcribe.

2º.- Someter á información pública polo prazo e procedemento regulamentario o presente prego de condicións administrativas.

PREGO DE CONDICIÓN QUE REXERÁ A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA POLO EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA A UTILIZACIÓN PRIVATIVA DA REDE DE DISTRIBUCIÓN DE GAS DO PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO DE VALADARES.

CLÁUSULA I.- OBXECTO.

- 1. O presente prego ten por obxecto o establecemento das condicións administrativas particulares que rexiran a concesión administrativa para a cesión do uso privativo da rede de distribución de gas, pertencente a este Excmo. Concello, no Parque Tecnolóxico e Loxístico de Valadares, deste termo municipal de Vigo.*
- 2. De conformidade co disposto no art. 93.1 da Lei 33/2003 do Patrimonio das Administracións Públicas, a concesión administrativa outorgarase mediante adjudicación directa a favor de GAS GALICIA SDG S.A., previa acreditación da súa capacidade de obrar e de non atoparse incurso en suposto de prohibición para contratar coas AA.PP. consonte o art. 20 do RDL 2/2002 do Texto Refundido da Ley de Contratos das Administracións Públicas.*

CLÁUSULA II.- OBRAS E INSTALACIÓNS.

- 1. A rede de distribución de gas, obxecto de concesión, correspóndese coa existente no Parque Tecnolóxico e Loxístico de Valadares, con acta de recepción e entrega de 26 de maio 2006 e reflectida no plano 21.1 "Red de Gas Planta General" do Proyecto As Built de Urbanización del Parque tecnológico y Logístico de Vigo de data diciembre de 2004, asinado polo Director da obra o Enxeñeiro Jordi Robert Delgado.*

2. *As características técnicas e especificacións das redes son as sinaladas polo Coordinador da Área de Servizos Xerais, o enxeñeiro municipal D. Alvaro Crespo Casal, no informe de 14.06.2006 achegado o expediente.*
3. *O concesionario procederá a revisión e probas da rede de distribución co obxecto de comprobar o seu estado actual, e acometer as reparacións e saneamento que para a posta en funcionamento requira, debendo quedar totalmente executadas nun prazo de tres meses.*
4. *As obras de reparación e saneamento executaranse a risco e responsabilidade exclusiva do concesionario, quen deberá de comunicar por escrito e coa antelación suficiente á administración municipal (Servizo de Electromecánicos) a data do seu inicio e da identidade do técnico director competente das mesmas.*
5. *Rematadas estas, o concesionario solicitará por escrito do Excmo. Concello de Vigo o recoñecemento das mesmas, que se practicarán coa asistencia do enxeñeiro municipal encargado e do interesado e o seu técnico, levantándose a correspondente Acta á que deberá anexarse a autorización da Consellería de Industria da Xunta de Galicia da Posta en Marcha da Instalación.*
6. *A rede deberá estar en funcionamento, no prazo dun mes dende a data da Acta de comprobación, a que faise mención no apartado 5 precedente.*

CLÁUSULA III.- NATUREZA DA CONCESIÓN.

A natureza da relación que vinculará ó concesionario co Concello, será a propia da concesión administrativa de dominio público, conforme ó previsto no artigo 78 e seguintes do Real Decreto 1372/86, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

A concesión, que non supón cesión de dominio público nin de facultades dominicais, comprenderá o uso privativo, por empresa autorizada para a distribución de gas natural, da rede de gas do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Valadares de titularidade municipal.

CLÁUSULA IV.- DURACIÓN DA CONCESIÓN.

1. *A concesión outórgase por un prazo de quince (15) anos, prorrogable tacitamente por anualidades ata un máximo de cinco (5), previa petición do concesionario cunha antelación de seis meses á expiración do primeiro prazo, sendo facultativo da Corporación municipal o seu otorgamento, de existir razóns que o xustifiquen.*
2. *O cómputo do prazo iniciarase ó día seguinte á data no que se formalice en documento administrativo o otorgamento da concesión administrativa.*

CLÁUSULA V.- GARANTÍAS.

A garantía definitiva fíxase en 12.275,29 euros, correspondente ó 3% do valor do dominio público ocupado, debendo constituírse por calquera dos medios legalmente establecidos, na Tesourería Xeral deste Excmo. Concello no prazo máximo de quince días a contar dende o seguinte á notificación do acordo da Xunta de Goberno Local da adxudicación da concesión administrativa.

CLÁUSULA VI.- CESIÓN DO DEREITO DA CONCESIÓN.

1.- Autorízase a cesión dos dereitos concesionais exclusivamente a terceiras entidades distribuidoras do gas natural que dispoñan da autorización administrativa correspondente para a súa prestación no termo municipal de Vigo, e dacordo coas condicións que exista a normativa reguladora do Sector de Hidrocarburos.

2.- A transmisión da concesión requirirá o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Autorización expresa da Xunta de Goberno Local con carácter previo á cesión.*
- b) Informe favorábel da Administración Pública competente no Sector dos Hidrocarburos.*
- c) Que o concesionario leve como mínimo unha quinta parte (1/5) do prazo da concesión.*
- d) Que o cesionario teña capacidade para contratar coa administración de conformidade co previsto na normativa vixente e reúna as condicións e requisitos e preste as garantías esixidas ó cedente.*
- e) Que a cesión se formalice en escritura pública, debendo conter obrigatoriamente unha cláusula na que se estableza que os dereitos transmitidos extinguiranse, automaticamente, ó vencemento do prazo contractual inicial, revertendo as obras e instalacións ó Concello de Vigo, sen indemnización.*

3.- A transmisión da concesión será total, producíndose a subrogación do cesionario na totalidade dos dereitos e obrigas do cedente.

4.- A cesión dos dereitos da concesión obriga a que o cesionario constitúa fianza definitiva en substitución da depositada polo concesionario cedente.

CLÁUSULA VII.- CANON DA CONCESIÓN.

Non procede, resultando de aplicación o disposto no art. 24.1 letra c) do Real Decreto 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

CLÁUSULA VIII.- PAGAMENTO DE GASTOS E TRIBUTOS.

O concesionario estará obrigado ó pagamento do importe dos anuncios preceptivos do sometemento a información pública do prego de condicións administrativas, dos gastos rexistrals, notariais e administrativos que se orixinen no outorgamento e inscrición da concesión, e de cantos outros gastos, gravames ou tributos de calquera clase se deriven, con motivo dos trámites preparatorios e formalizadores do contrato subseguinte.

CLÁUSULA IX- EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO DO PREGO DE CONDICIÓNS.

Aprobado provisionalmente pola Xunta de Goberno Local o Prego de condicións administrativas que rexerán a concesión administrativa de dominio público, expoñerase ó público durante trinta días hábiles, a efectos de reclamacións ou suxestións polas persoas interesadas, a partir da inserción do edicto no Boletín Oficial da Provincia, que se presentarán no Rexistro Xeral do Concello en idéntico prazo, ou por calquera dos procedementos previstos na Lei de Procedemento Administrativo Común.

CLÁUSULA X.- DEBERES E FACULTADES DO CONCESIONARIO.

- a) O Concesionario destinará a rede municipal de gas, obxecto de concesión, a distribución de gas natural para servizo do parque tecnolóxico e loxístico de Valadares conforme ó presente prego de condicións sen outras modificacións que as que autorice a Administración Municipal, e con exclusión de calquera outro uso ou destino.*
- b) Asumir a financiación da totalidade das obras de reparación e saneamento da rede, e no seu caso, das modificacións ou melloras que se poidan introducir na mesma durante a vixencia da concesión.*
- c) Manter en perfecto estado de conservación e funcionamento a rede e terreos afectos, efectuando as reparacións ordinarias e extraordinarias que fosen precisas ó efecto, cumprindo estritamente as disposicións de carácter xeral e instrucións que dicte a autoridade competente.*
- d) Permitir o acceso do persoal municipal as instalacións para as comprobacións e inspeccións pertinentes, poñendo a disposición desta os medios materiais e de persoal necesarios para levala a cabo.*
- e) Manter á súa custa a vixilancia permanente das instalacións.*
- f) Non allear nin gravar ningún tipo de bens afectos á concesión que houberen de revertir ó Concello.*

Unicamente autorizarase a constitución de hipoteca sobre os dereitos concesionais como garantía de préstamos contraídos polo concesionario para a financiación da realización, modificación ou ampliación da obra e instalacións fixas situadas no dominio público ocupado.

- g) Satisfacer os tributos legalmente establecidos, e aboar os gastos polo mantemento, conservación, e reparacións da rede, así como os que resulten do seu uso e utilización e os necesarios para o correcto funcionamento da instalación.*
- h) Exercer por si a concesión e non cedela ou traspasala a terceiros salvo nas condicións establecidas no presente prego e previa a autorización municipal.*
- i) Cumprir as demais obrigas, ó seu cargo, previstas neste prego, que resulten de aplicación.*

- j) *Responder dos danos e perdas que se ocasionen a terceiras persoas ou a propia administración municipal, polo concesionario ou polo seu persoal, como consecuencia do estado de conservación e mantemento da rede, ou da súa utilización e funcionamento, conforme ó previsto na Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de Responsabilidade patrimonial.*
- k) *Inscribir no Rexistro da Propiedade a concesión.*
- k) *A obtención e mantemento en vigor das licenzas, permisos e autorizacións legalmente esixíbeis, e o pagamento dos impostos correspondentes.*
- l) *A cumprir as disposicións vixentes, ou que no sucesivo se dicten, que afecten ó domini público concedido e ás instalacións e actividades que no mesmo se desenvolvan.*
- m) *Concertar póliza de seguro contra danos, da que debera constar como único beneficiario o Concello de vigo, que asegure a rede municipal, por un importe alomenos do seu valor estimado en 409.176,44 €, durante toda a vixencia da concesión, fronte a danos, deterioros ou a súa destrución total ou parcial, incluso por feitos derivados de actos de terrorismo, sabotaxe, vandalismo, fortuitos ou forza maior. Asi mesmo, debera concertar poliza por importe mínimo de 6.000.000 euros, que cubra os posibles danos que a utilización ou funcionamento da rede poida ocasionar a terceiros ou o patrimonio destes.*

CLÁUSULA XI.- FACULTADES DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL CONCEDENTE.

- a) *Autorizar, previa petición do concesionario, a constitución de hipoteca sobre a concesión, conforme ó previsto na Lei Hipotecaria e o seu Regulamento, debendo estar cancelada ó menos cinco anos (5) antes do termo da concesión.*
- b) *Permitir a utilización do dominio público obxecto da concesión e outorgar a protección adecuada que resulte indispensable para o seu exercicio.*
- c) *Inspeccionar as obras e instalacións da concesión con carácter permanente, permitindo o acceso ó persoal municipal para que o verifique.*

A Corporación Municipal a través dos servizos dela dependentes, poderá inspeccionar en todo momento o estado de conservación da rede e terreos afectos, e sinalar as reparacións que deban realizarse, quedando obrigado o concesionario a executalas no prazo que se lle otorgue. Se o concesionario non realizase as obras de reparación no prazo establecido, sancionárase pola comisión dunha falta leve coa imposición de multa en grado máximo, concedéndolle un novo prazo de execución. O incumprimento do novo prazo sinalado, sancionárase como infracción grave coa imposición dunha multa en grado máximo. Se, non obstante a segunda sanción económica, o concesionario non executase as reparacións, procederase a instruír expediente de caducidade da concesión.

- d) *O dereito a deixar sen efecto a concesión antes do seu vencemento, se o xustifican circunstancias de interese público, con indemnización o seu titular polo prexuízo material que se le orixine, excepto cando o*

rescate estea baseado en motivos imputábeis ó concesionario, suposto no que non procederá o resarcimento de danos e indemnizacións de prexuizos de acordo co art. 80.10 do Regulamento de Bens das Corporacións Locais.

e) Calquera outra facultade prevista neste prego ou en virtude de disposición legal ou regulamentaria.

CLÁUSULA XII.- RÉXIME DISCIPLINARIO: INFRACCIÓNS, SANCIÓN E PROCEDIMENTO SANCIONADOR.

A).- INFRACCIÓNS:

Os incumprimentos contractuais polo concesionario darán lugar á imposición de sancións administrativas e a estes efectos terán a consideración de:

a) Faltas leves:

- 1) A mera desobediencia non reiterada a calquera orde da Administración que implique mera negligencia nas suas obrigas.
- 2) A falta de mantemento e conservación da rede, sempre e cando non supoña un risco para a seguridade da instalación o, o seu funcionamento.
- 3) O retraso non superior a 15 días na realización das obras de reparación e saneamento, ou na posta en funcionamento da rede, sinaladas nos apartados 3 e 6 da cláusula II.

b) Faltas graves:

- 1) A reiteración de calquera das infraccións ou faltas consideradas como leves, sempre que sexan firmes en vía administrativa.
- 2) O incumprimento de calquera das obrigas do concesionario que revistan carácter esencial e non se cualifiquen de leves nin dean lugar á caducidade da concesión.
- 3) O incumprimento de obrigas que poidan poñer en risco a seguridade da instalación, o seu funcionamento, ou a prestación do servizo de gas.
- 4) Desobediencia reiterada do concesionario ás disposicións, ordenes ou instrucións municipais sobre conservación, mantemento e funcionamento das instalacións.
- 5) O retraso en máis de 15 días e non superior a 30, na realización das obras ou na posta en funcionamento da instalación, previstas no apartado 3 e 6 da cláusula II.

B).- SANCIÓN.-

1. As infraccións previstas no presente prego serán sancionadas, previa instrucción do correspondente expediente, con multas de acordo coa seguinte escala:

- a) Pola comisión de infracción leve: multa de até 1.000 euros.
- b) Pola comisión de infracción grave: multa de 1.001 até 3.000 euros.

2. O importe das contías das sancións referidas na presente condición entenderanse automaticamente revisadas e experimentará as mesmas variacións que o canon, conforme ós incrementos ou diminucións do IPC.

3. A imposición de calquera das sancións previstas nos apartados anteriores será compatíbel coa esixencia ó infractor da reposición da situación alterada polo mesmo ó seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e perdas causados, os cales serán determinados polo órgano sancionador, debendo fixarse na resolución correspondente á súa contía e o prazo que se determine para a súa satisfacción.

4. As sancións a aplicar fixaranse atendendo os seguintes criterios de gradación:

- a) O grado de culpabilidade do infractor.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- c) A relevancia dos prexuízos causados, atendendo ó seu valor económico ou á porción de dominio público que resulte afectada.
- d) A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción das previstas nesta ordenanza, cando así fose declarado por resolución firme.
- e) A reparación do dano voluntariamente antes de recaer a resolución que poña fin ó procedemento sancionador.

C).- PROCEDEMENTO SANCIONADOR:

O incumprimento das normas establecidas no presente prego, orixinará a incoacción do correspondente expediente sancionador que se tramitará consonte o procedemento previsto na Lei 30/1992 de 26 de novembro de Reximen Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Comun, e no regulamentado no RD 1398/1993, de 4 de agosto, Regulamento do Procedemento para o exercicio da Potestade Sancionadora.

I.- Órgano competente para imposición das sancións.-

- 1. As sancións por infraccións leves imporanse polo Alcalde.
- 2. As sancións por infraccións graves imporanse pola Xunta de Goberno Local.

II.-Prazo de prescripción das infraccións e sancións.-

1. *As infraccións graves prescribirán ós dous anos e as leves ós seis meses.*
2. *As sancións impostas por faltas graves prescribirán ós dous anos, e as impostas por faltas leves ó ano.*
3. *O prazo de prescripción das infraccións comezará a contarse dende o día no que a infracción se acometeu. Interrumpirá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, reanudándose o prazo de prescripción se o expediente sancionador se paralizase máis dun mes por causa non imputábel ó presunto responsábel.*
4. *O prazo de prescripción das sancións comezará a contarse dende o día o seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción. Interrumpirá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, voltando a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputábel ó infractor.*

III.-Pagamento das sancións:

O importe das multas será aboado polo concesionario na Caixa do Concello, dentro do prazo de trinta días hábiles seguintes á notificación. Se transcorre o prazo fixado sen que se aboase o importe da sanción, esixirase o pagamento por vía de apremio administrativo.

CLÁUSULA XIII.- CADUCIDADE DA CONCESIÓN.

Procederá á declaración de caducidade nos supostos especiais seguintes:

- a) *Disolución ou quebra da sociedade concesionaria.*
- b) *A extinción da autorización administrativa da que é titulara a concesionaria, para a distribución de gas natural na zona correspondente a rede municipal obxecto de concesión, ou a relativa a posta en marcha e funcionamento da rede.*
- c) *A concurrencia doutras operadoras no mercado do gas natural, que consonte a normativa sectorial de aplicación no seu momento, lles habilite para poder acceder a utilización da rede obxecto de concesión, e así soliciten a esta Administración. Neste suposto o Concello procedera, previo tramite de audiencia a concesionaria, a declaración da caducidade da concesión, sen que xenera dereito indemnizatorio algun polo tempo restante do prazo concesional.*
- d) *A existencia de defectos graves na rede que afecten á súa seguridade, ou a fagan inadecuada para a prestación do servizo de gas, salvo que o Concello opte polo otorgamento dun prazo para que sexan subsanadas coas debidas garantías técnicas.*
- e) *O retraso en mais de 30 días, sen causa xustificada, na realización das obras ou na posta en funcionamento da instalación, previstas no apartado 3 e 6 da calusula II.*
- f) *Impagamento do canon a favor do Concello sempre que a demora sexa superior a seis meses.*

- g) *Cesión, transferencia ou novación da titularidade da concesión sen seguir o procedemento establecido no presente prego.*
- h) *Allear ou gravar os bens o dereitos concesionais sen autorización previa da Administración Municipal.*
- i) *Destinar a rede a uso distinto do autorizado.*
- j) *O incumprimento reiterado as ordes ou instrucións dictadas pola Administración, referente a conservación e mantemento das instalacións e o funcionamento do servizo.*
- k) *A comisión de dúas ou máis faltas graves cometidas no prazo dun ano, sempre que as sancións fosen firmes.*
- l) *A ocupación ou utilización de dominio público municipal non autorizado na concesión.*
- m) *A destrución total ou parcial da rede municipal, debido a caso fortuito ou forza maior. Neste suposto, o concesionario poderá optar entre a extinción da concesión sen dereito a indemnización, ou a súa continuidade polo prazo que reste da concesión, previa reconstrución da rede na forma e prazo que sinale o Concello.*
- n) *A destrución total ou parcial da rede municipal debido a dolo ou culpa do concesionario ou persoas que del dependan. Neste suposto acordarase a extinción da concesión sen dereito a indemnización ningunha a favor da concesionaria, quen vendrá obrigada á reconstrución da rede, na forma e prazo que lle sinale o Concello, sin perxucio das sancions ou indemnizacións que correspondan polos danos e perdas ocasionados o patrimonio municipal.*
- o) *A falta de utilización o funcionamento das instalacións, durante un periodo dun ano, a non ser que obedeza a xusta causa.*

Corresponde á Corporación Municipal en cada caso concreto, calificar as causas alegadas polo concesionario para xustificar o non uso ou funcionamento da rede. A este obxecto, o concesionario queda obrigado, antes de que transcorra o ano, a poñer en coñecemento do Excmo. Concello as circunstancias que o motiva. Se a Corporación Municipal considera inadecuadas as causas alegadas polo concesionario, incoará expediente de caducidade da concesión.

CLÁUSULA XIV.- REVERSIÓN DAS OBRAS E INSTALACIÓNS.

1.- *Ó vencemento da concesión revertira a rede e terreos afectos, xunto coas súas melloras, de xeito gratuito, debendo o concesionario deixalas á libre disposición do Concello de Vigo, en perfecto estado de conservación, en condicións aptas para a súa utilización na prestación do servizo de distribución de gas.*

2.- *Da recepción pola Corporación Municipal dos bens revertidos e melloras, levantarase a correspondente acta en presenza do concesionario, se comparecese. Na acta reseñarse o estado de conservación dos bens revertidos, especificándose os deterioros que presenten. Se existisen deterioros, a acta servirá de base para instruír o*

correspondente expediente, no que se concretará o importe das reparacións necesarias, que se esixirá ó concesionario, utilizando, se fose necesario, o procedemento de apremio administrativo.

3.- *Estabéllese como prazo máximo para o desaloxamento do dominio público a que se refire nos precedentes apartados, o de quince días hábiles desde a data de vencemento da concesión.*

CLÁUSULA XV.- TRIBUNALS COMPETENTES.

A prerrogativa de interpretar o contrato e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento corresponde ó Concello de Vigo, e á xurisdicción contencioso-administrativa a competencia para coñecer as cuestións litixiosas que xordan ou se deriven da aplicación destas condicións que conteña o contrato, ou en canto á interpretación, modificación ou resolución.

CLÁUSULA XVI.- RÉXIME XURÍDICO.

No non previsto no presente prego, estarase ó disposto na Lei de Bases de Réxime Local, Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, Regulamento de Bens das Entidades Locais e demais disposicións de aplicación.

10(75).- RECLAMACIÓN DE D^a. OLGA GÓMEZ LORENZO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 916/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 26.01.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Olga Gómez Lorenzo presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 24 de xaneiro de 2006, no que expón que o día 5 de outubro de 2005, mentres camiñaba pola Praza de Independencia, á altura do número 125 da rúa Camelias, sufriu unha caída como consecuencia da irregularidade do empedrado, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo da Policía Local, de data 30/01/2006, no que indican non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 07/02/2006, sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente, no que manifestan que gardando a dilixencia debida a caída non se tería producido.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 4.036,83 euros.*

- *Práctica de proba testifical, en data 09/05/2006, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. Gómez, aínda que ningunha teña vista o seu tropezón.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 22/05/2006, que non formula alegacións mais si solicita informe sobre accidentes ocorridos con anterioridade de outros viandantes.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Cos datos que obran no expediente, non queda acreditado que a caída causante dos danos fose debida a un funcionamento, normal ou anormal, dun servizo público, xa que na práctica da proba testifical das dúas testemuñas propostas pola reclamante á pregunta de se a tiñan visto tropezar, unha responde “tropezar no, la vi caer” e a outra “la vi cuando estaba en el suelo”. Por outra parte, no informe de Vías e Obras de 07/02/2006, relativo ó estado onde ocorreu o accidente, dise que “guardando la diligencia debida, la caída no se hubiera producido”.

Polo que respecta a posíbeis caídas sufridas por outros viandantes, ambas testemuñas contestan que non as viron, se ben manifestan que tiñan oído que había xente que caera na zona. En todo caso, conforme o artigo 1.214 do Código Civil incumbe a proba de tales caídas á reclamante e non á Administración municipal.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Olga Gómez Lorenzo por mor dunha caída ocorrida o día 24 de xaneiro de 2006 na rúa Camelias, ó non acreditar que esta fose debida ó funcionamento dun servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(76).-RECLAMACIÓN DE D^a. MONTSERRAT SANROMÁN ROCHA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 14290/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 25.01.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Montserrat Sanromán Rocha presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 19 de xuño de 2001, no que expón que o día 31 de marzo de 2001, circulando co vehículo de propiedade matrícula PO-0572-BS polo camiño do Regueiro, perdeu o control do mesmo debido ó mal estado da calzada, colisionando contra un muro.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 17/11/2005, no que manifestan non teren constancia de que se realizase ningunha reparación da vía entre o día do accidente e a data do informe.*
- Informe do Inventario municipal, de data 10/10/1006, no que indican que a vía onde ocorreu o accidente consta como vial público, estando de alta no inventario municipal.*
- Informe do servizo da Policía Local, de data 25/10/2006, manifestando non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante en data 05/12/2006, que non formula alegacións.*
- Admitida a proba testifical, citouse ás persoas propostas pola solicitante para a práctica da dita proba, práctica que non tivo lugar pola falta da comparecencia das testemuñas.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de

modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Deste xeito, o instrutor dirixiuse á Policía Local para que informase se tiñan constancia dos feitos, informe que foi emitido indicando que non existía constancia de ningunha intervención. Así mesmo, e a requirimento do instrutor, o departamento de Vías e Obras do Concello informou de que non había constancia de realización de obras no período comprendido dende o día do accidente ata a data, achegadno fotografías actuais do estado do Camiño do Regueiro, nas que non se observa ningún desperfecto na calzada. Respecto á alegación da solicitante de que había barro na calzada, indicar que tal e como afirma a doutrina do Consello Consultivo de Galicia (dictame nº 50/1996), aínda na circunstancia de que iso fose certo, o deber de vixilancia que incumbe á Administración non pode exceder do que sexa razoabelmente esixíbel, de xeito que se esixa unha vixilancia tan intensa que faga compatíbel con ela o transcurso dun lapso de tempo, sequera mínimo, entre a incidencia que altera o estado normal da vía e superación das consecuencias desta. Resaltar que neste suposto, nin sequera aparecen acreditados, entre outros, se cando se produciu o suposto feito, había condicións climatolóxicas adversas, se era de día ou de noite e en que circunstancias se conducía. Deste xeito, desprázase en termos xerais a responsabilidade de eventuais percances ó ámbito da normal previsión, prudencia e deber de “conducción dirixida” ós usuarios, conforme ás regras da experiencia da conducta humana, ante o risco asumido e inherente da conducción.

En todo caso, na instrución obrante no expediente non aparece probada a realidade do accidente no lugar, nin o seu nexo de causalidade co funcionamento dun servizo público.

Non se dan, polo tanto, os presupostos mínimos establecidos nos artigos 139 e seguintes da Lei 30/1992 e artigo 2 do RD 429/1993, necesarios para que se produza a responsabilidade patrimonial da Administración municipal. Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Montserrat Sanromán Rocha por non estar probado que os danos se producen no lugar indicado pola reclamante, nin o nexo de causalidade do funcionamento dun servizo público, presupostos mínimos necesarios para que se produza a responsabilidade patrimonial da Administración municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(77).- RECLAMACIÓN DE D. ROBERTO RAJOY OTERO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 500/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 26.01.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Roberto Rajoy Otero presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11 de febreiro de 2005, no que expón que o día 8 de febreiro de 2005, camiñando pola Travesía de Vigo, á altura do número 179, tivo unha caída por mor do mal estado da vía pública, na que faltaban baldosas, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 11/02/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Rajoy relátalles o accidente que tivera cando corría pola vía pública; así mesmo, comprobaban a ausencia de baldosas na beirarrúa.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 17/01/2006, sobre o estado da beirarrúa onde ocorreu o accidente.*
- Práctica de proba testifical, con data 08/02/2006, á testemuña proposta polo reclamante, que confirma os extremos alegados polo Sr. Rajoy.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 4.486,41 euros.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 17/03/2006.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de

modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, constátase no expediente o deficiente estado da beirarrúa. Tal circunstancia, en principio, non entraña un risco especial para os viandantes, xa que non se trata dun defecto oculto, consonte establece o informe do Servizo de Vías e Obras “a zona en mal estado é visíbel a 10 metros de longo, e polo tanto sería evitábel gardando a dilixencia debida”. Se ademáis temos en conta que a reclamante, á vista dos datos obrantes no expediente, e unha persoa de mediana idade, carente de defectos físicos que lle impedisen detectar a existencia do mencionado obstáculo, podemos concluír que a negligencia da vítima, co seu defectuoso control da propia deambulación, interferiu no nexo causal, impedindo vincular os danos padecidos ó funcionamento normal ou anormal de ningún servizo público municipal, determinando a súa propia conducta o resultado final que se produciu.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Roberto Rajoy Otero, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar acreditado e probado o nexo causal entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(78).- RECLAMACIÓN DE D. RAFAEL GIMÉNEZ MARTÍNEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 575/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 29.01.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Rafel Giménez Martínez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 22 de abril de 2005, no que expón que o día 1 de marzo de 2005, o Sr. Giménez circulaba coa motocicleta de súa propiedade, matrícula PO-9094-AL, pola rúa O Grove e, á altura da intersección coa avenida Samil, esvarou por mor dunha placa de xeo ocasionada pola auga verquida polos aspersores de rego, producíndose danos físicos e materiais.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, con data 01/03/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Giménez relátalles o accidente que tivera; así mesmo, comprobán a existencia da placa de xeo perigosa para a circulación, polo que proceden sinalar a zona.*
- *Informe do Parque Móbil, de 27/06/2005, comunicando que os prezos contidos no presuposto de Talleres Movisa, presentado polo reclamante, por un importe de 1.743,83 euros IVE incluído, son correctos; así mesmo, estiman o valor da moto en 1500 euros.*
- *Práctica de proba testifical, con data 25/08/2005, á testemuña proposta polo reclamante, que confirma os extremos alegados polo Sr. Giménez.*
- *Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, con data 28/09/2005, indicando que dos danos debe responder a empresa Cespa, concesionaria do servizo de conservación e reposición de zonas verdes.*
- *Evacúase trámite de audiencia á concesionaria Cespa, que formula alegacións con data 11/10/2005.*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante con data 17/10/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Non obstante, e de conformidade co ditame número 135/2006 do Consello Consultivo de Galicia, o principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial creba cando as condicións obxectivas na vía aperciben a un usuario, minimamente dilixente, sobre a presenza na calzada de elementos materiais insinuantes de perigos potencias que esixen unha adecuación da condución e un incremento das marxes de precaución para adecuar a velocidade por causa destes elementos circunstanciais que incrementan o risco, enervando así o principio de confianza.

Deste xeito, de conformidade co parte de servizo da Policía Local, que acudiu ó lugar con posterioridade sen que observase ningún sinistro, comprobouse que na rotonda onde tivo lugar o esvaramento había dous sinais de tráfico que indicaban:

- Perigo, estreitamento de calzada;
- Velocidade máxima 20 km/h, sinal que segundo o dito parte de servizo utilízase para advertir ós condutores dun perigo existente e que presumibelmente puido polos aspersiones de rego da rotonda, dadas as baixas temperaturas.

Terceiro.- A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Neste senso, non resulta acreditado que os danos no vehículo marca Kawasaki KL-500-9094-AL que o solicitante refire producíronse ó esvarar na rotonda mencionada, por canto nin a Policía local observou o vehículo accidentado, nin a moto en cuestión foi presentada nas instalacións do Parque móbil do Concello, polo que non se puideron comprobar os danos que puideron producirse nin sequera a testemuña proposta lembra a marca, modelo e cor do vehículo que sufriu os danos, nin refero ningún dano nel. Polo tanto, non hai ningún dato no expediente que permita relacionar os danos reclamados co funcionamento normal ou anormal de ningún servizo municipal.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Rafael Giménez Martínez, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(79).- RECLAMACIÓN DE D^a. ANGELA LUCÍA CASTRO TEBAS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 844/243.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 26.01.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Ángela Lucía Castro Tebas presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 21 de novembro de 2005, no que expón que o día 4 de novembro de 2005, mentres camiñaba pola rúa Pizarro, á altura do número 73, sufriu unha caída debida a un desnivel da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 12/12/2005, no que indican que o punto onde tropezou a Sra. Castro non constitúe un desperfecto da beirarrúa, senón que é a unión de dous tramos de beirarrúa que se atopan a diferente cota.
- Práctica de proba testifical en data 17/01/2006 ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. Castro.
- Informe do Inventario municipal, de data 12/09/2006, no que indican que a praza que hai diante da rúa Pizarro número 73 non figura de alta no Inventario Municipal
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 15/09/2006, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Dos datos que obran no expediente (informe de Vías e Obras de 13/12/2005, fotografías e proba testifical), despréndese que a caída produciuse, como recoñece a propia reclamante, debido ó desnivel existente na beirarrúa. Este desnivel prodúcese na unión de dous tramos de beirarrúa que, por atoparse en diferente cota, é necesario salvar mediante un escalón. Este escalón, en si mesmo, ó estar claramente visíbel, non debería ser causa de ningún accidente, se se camiña con unha normal precaución, polo que se rompe, no presente caso, unha posíbel relación de causalidade entre o accidente (a caída) e os danos ocasionados.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por Dna. Ángela Lucía Castro Tebas polos danos ocasionados por unha caída ocorrida o día 4 de novembro de 2005 na rúa Pizarro número 73”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(80).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA ESPECIAL PARA A UTILIZACIÓN PRIVATIVA DE DOUS PARCELAS SITAS NA TERCEIRA FASE A DO PLAN PARCIAL DE NAVIA. EXPTE. 1621/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 15.11.06, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 25.01.07, conformado pola delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá, que di o seguinte:

O servizo de Atención Cidadá remite á oficina de Patrimonio e Contratación o expediente para a contratación polo que se permitirá a utilización privativa de dous parcelas sitas na terceira fase A do Plan Parcial de Navia para a implantación de servizos de atención de patoloxías neurolóxicas.

O contrato caracterizouse como administrativo especial dos definidos no artigo 5-2 parágrafo b do TRLCAP, sendo o procedemento a empregar para a contratación o aberto, a forma de adxudicación o concurso e a tramitación ordinaria.

O prazo do contrato fíxase en 75 anos establecéndose á reversión a favor do concello dos terreos e instalacións unha vez transcurrido este prazo.

As parcelas que serán obxecto de concurso son as seguintes:

a) Parcela S-4-1. Emprazamento da parcela.- Sita na etapa III-A do Plan Parcial de Navia. A parcela está libre de cargas de urbanización de acordo co previsto no artigo 20º da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/04. Mide unha superficie de 4.000 m2.

Lindeiros.- Norte: Rúa 3-d; Sur: Resto parcela E-4; Leste: parcela S-4-2; Oeste: Colexio Público Alfonso R. Castelao.

Inscripción rexistral: libro 1316, folio 132, finca 72.085, inscrición primeira..

Esta parcela adicarase a un centro de atención a persoas con parálise cerebral.

b) Parcela S-4-2. Emprazamento da parcela.- Ubicada na etapa III-A do Plan Parcial de Navia. A parcela está libre de cargas de urbanización de acordo co previsto no artigo 20º da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/04. Ten unha superficie de 2.500 m2.

Lindeiros.- Norte: Rotonda unión rúa 2-d, 3-d e rúa 2-f; Sur: Resto parcela E-4; Leste: Rúa 2-f; Oeste: Parcela S-4-1.

Inscripción rexistral: libro 1316, folio 135, finca 72.087, inscrición primeira.

Esta parcela adicarase a un centro de atención a persoas con dano cerebral adquirido.

Por iso, e previo informe do Sr. Interventor Xeral, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º Aproba-lo prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do contrato administrativo especial para a utilización privativa de dous parcelas sitas na terceira fase A do Plan Parcial de Navia para a implantación de servizos de atención de patoloxías neurolóxicas.

2º Convoca-lo concurso na forma prevista na Lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(81).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes de intervención xeral e de acordo cos informes-proposta do xefe de negociado de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

- a) Devolver a FUJITSU ESPAÑA SERVICES S.A.U. a fianza de 1.200 € constituída para responder da subministración de equipos para Atención Cidadá xa que foron recibidos conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 552/241.
- b) Devolver a INVERNADEROS SAMIL S.L. a fianza por importe de 3.317,24 € constituída para responder da subministración de materiais para parques municipais, xa que foron recibidos conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 1609/241.
- c) Devolver a rúas SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS S.A. a fianza por importe de 14.514,92 € constituída para responder das obras da capa de rodadura en diversas xa que foron recibidas mediante actas de 8 de xaneiro e 29 de outubro de 2004, por executarse conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 181/243.
- d) Devolver a ELOYMAR Y TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO UTE a fianza de 39.935,48 € constituída para responder da urbanización da Praza da Independencia xa que as obras foron executadas conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 793/241.

17(82).- BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO. EXPTE. 3127/320.

Examinadas as actuacións do expediente visto o informe xurídico do 15.01.07 e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación Cidadá, do 17.01.07, conformado pola delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases do programa de subvencións para o fomento de actividades de participación cidadá e desenvolvemento sociocomunitario para o ano 2007, que se achega ao expediente.

2º.- Aprobar a convocatoria para o ano 2007 cun orzamento máximo de 143.821,00 € e un prazo de admisión de 20 días hábiles dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

3º.- Autorizar o gasto de 143.821,00 €, con cargo á partida 4631.4890000 do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2007.

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DESENVOLVEMENTO SOCIOCOMUNITARIO-ANO 2007

PRIMEIRA.- Finalidade e obxecto.

O Concello de Vigo, a través da área de Participación Cidadá, realiza a presente convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva coa finalidade de fomentar e consolidar o asociacionismo e a participación cidadá mediante un programa de subvencións para asociacións que contribúa ao fortalecemento do tecido social e a promoción da calidade de vida e benestar social dos cidadáns, así como axudar ao financiamento de gastos das entidades que operan no ámbito do movemento veciñal.

As solicitudes para este programa implican a aceptación libre do compromiso por parte das asociacións na consecución dos seguintes obxectivos xerais:

- 1.- Promover estilos democráticos que incrementen a participación veciñal nos asuntos que lle son propios, facilitando a integración dos veciños na vida local.*
- 2.- Implicarse nunha mellor calidade de vida dos cidadáns, organizando actividades tanto para a inserción laboral dos xoves, como de ocio para os nosos maiores.*
- 3.- Mellorar a xestión e organización das entidades asociativas.*
- 4.- Aumentar a participación veciñal nas actividades socioculturais que as asociacións programen.*
- 5.- Facilitar aos socios e veciños os equipamentos e infraestruturas necesarios para a inserción na sociedade da información e o coñecemento.*
- 6.- Garantir os servizos estables das asociacións.*
- 7.- Con carácter xeral, fortalecer a participación cidadá cun estilo democrático e activo.*

SEGUNDA.- Programa subvencionable.

a.- Programa de actividades de participación cidadá e desenvolvemento sociocomunitario.

Financiado con cargo á partida orzamentaria 4631.4890000 o programa para o fomento de actividades de participación cidadá e desenvolvemento sociocomunitario esta dirixido a subvencionar proxectos de actividades, fomentar os servizos, as novas tecnoloxías e á realización de programas formativos nas propias sedes das asociacións para os propios veciños, e persigue entre outros:

- *Apoiar ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da participación cidadá, nos que se poden incluír actuacións nos campos da cultura, o benestar social, o ocio, o voluntariado e a integración veciñal.*
- *Potenciar a dinamización social e as relacións da cidadanía a través de actividades de ocio en tempo libre e de promoción da cultura tradicional.*
- *Fomentar as actividades ocupacionais e informativas de cara a unha integración laboral.*
- *Potenciar publicacións periódicas de difusión e información das actividades propias e edicións de estudos e investigacións na área de participación cidadá e o asociacionismo.*
- *Incidir na información, formación e promoción de condutas, valores cívicos e éticos en xeral, así como a promoción da sociedade plural e non discriminatoria (tolerancia, solidariedade, respecto a diversidade e integración).*
- *Promover proxectos de sensibilización da participación cidadá coa solidariedade e cooperación e a cultura da paz.*
- *Captar e promover a formación do voluntariado, dinamizando o tecido asociativo.*
- *Promover a cohesión social da cidade e da cidadanía, a través de espazos e foros abertos de debate, intercambio de ideas e experiencias para a comunicación social.*
- *Programas de sensibilización e ampliación dos recursos propios a través da captación de novos asociados, doazóns e colaboracións.*

O ámbito espacial destas actividades será o termo municipal de Vigo, subvencionándose excepcionalmente aquelas que fora do municipio, inclúan programas de intercambio con outras asociacións, asistencia a certames, congresos, etc..., debidamente xustificadas e que teñan unha relación ou implicación directa coa actividade da asociación e os obxectivos desta convocatoria.

b.- Mantemento das entidades que operan no ámbito do movemento veciñal.

Financiado con cargo á partida 4631.4890000 este programa está dirixido a subvencionar os gastos correntes de funcionamento e mantemento das súas entidades, entendidas como espazos xestores das actividades de participación cidadá e desenvolvemento sociocomunitario.

Son gastos correntes de funcionamento e mantemento da entidade aqueles que permitan o normal funcionamento da mesma no que se refire a gastos de persoal, mantemento das instalacións, arrendamento do local da sede social, administración de teléfono, auga e fax, mantemento de equipos informáticos, etc...

As entidades que operan no ámbito do movemento veciñal poden solicitar un concepto ou ambos, non sendo excluíntes.

TERCEIRA.- Contía máxima da subvención e compatibilidade.

A subvención non poderá superar:

- a) O 70 % do presuposto e en ningún caso a cantidade de 12.000 € para o programa de actividades de participación cidadá e desenvolvemento sociocomunitario.*
- b) O 50 % do presuposto e en ningún caso a cantidade de 2.000 € para o programa de mantemento das entidades que operan no ámbito do movemento veciñal.*

CUARTA.- Desestimación das solicitudes

Unha vez estudados os programas solicitados xunto coa documentación presentada polas asociacións, desestimaranse:

- 1.- Aqueles que para a mesma finalidade, foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.*
- 2.- Aqueles que teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo.*
- 3.- Aqueles nos que os gastos subvencionados leven asociados investimentos en bens de natureza inventariable (infraestruturas e equipamentos) e o seu mantemento, sempre que supoña un incremento da vida útil dos bens; os gastos de carácter suntuario, liberalidades ou gastos financeiros.*
- 4.- Aqueles que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.*
- 5.- Aqueles de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.*
- 6.- Aqueles que inclúan actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.*
- 7.- Aqueles que en consideración ao proxecto e programación non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, non acadando unha puntuación mínima suficiente na valoración específica do proxecto, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria.*

QUINTA.- Solicitantes.

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarios as asociacións sen ánimo de lucro e Fundacións que inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, traballen exclusivamente no ámbito sociocomunitario, da participación cidadá e das relacións cidadáns, e que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.*
- b) Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.*
- c) Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.*
- d) Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.*
- e) Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo no ano anterior, sempre no suposto de haberllas sido aprobadas.*
- f) O demais casos previstos no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no R.d 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei*

SEXTA.- Solicitudes, prazo de presentación e documentación

6.1.- Modelo e presentación de solicitudes

As solicitudes de subvención presentaranse no modelo normalizado que se achega con estas bases. Os impresos de solicitude da subvención (anexos a esta convocatoria) e canta información precise para a súa presentación, serán facilitados polo Servizo de Información ou ben, na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)

As solicitudes serán dirixidas a Excma. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vigo, achegando a documentación solicitada na convocatoria.

6.2.- Prazo de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, podendo presentalas no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou mediante as demais formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

6.3.- Documentación

Xunto coa solicitude deberán achegarse os seguintes documentos:

- > Certificado do acordo de solicitude da subvención adoptado polo organo de goberno da asociación ou entidade solicitante. Dito certificado deberá de ser emitido de conformidade coas previsións contidas nos estatutos da asociación ou entidade. (anexo 1)
- > Memoria explicativa e detallada das actividades para os que se solicita a subvención, nos que figure entre outros: (anexo 2)
 - Nome do proxecto
 - Obxectivo se fins que persigue
 - Actividades a realizar
 - Número aproximado de persoas que se benefician e para os que se destina o proxecto.
 - Calendario de actividades
- > Orzamento dos ingresos e gastos previstos para a realización do proxecto (anexo 3).
- > Certificación de non estar incurso nas circunstancias que figuran no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- > Declaración das solicitudes de subvención realizadas a outros organismos e institucións públicas ou privadas dos proxectos para os que se solicitan as subvencións (anexo 4).
- > Certificado de estar ao corrente nas obrigas tributarias, expedida pola Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.
- > Certificado de estar ao corrente nas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- > Certificado de estar ao corrente do pago das cotas da Seguridade Social, expedida pola Tesourería Territorial da Seguridade Social, ou ben declaración xurada de non ter traballadores contratados ao seu cargo (anexo 4)

De ter presentados os certificados solicitados nos apartados e), f) e g) no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, chegará con facelo constar, identificando a convocatoria e departamento ou área do Concello na que se presentou (anexo 4).

6.4.- Información de carácter tributario

Establecido no art. 95.2 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria que as administracións públicas non poderán exixir aos interesados a aportación de certificados da Administración Tributaria, cando a información de carácter tributario estea dispoñible por medios informáticos ou telemáticos, o interesado pode autorizar expresamente para que dito certificado sexa solicitado no seu nome.

6.5.- Corrección de defectos:

Os solicitantes, a requirimento do Servizo de Participación Cidadá, disporán dun prazo improrrogable de dez (10) días par completar a documentación ou os defectos materiais e formais que se aprecien con apercibimento de que, se así non o fixeran, teríaselles por desestimada da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos nos artigos 42 e 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

SETIMA.- Criterios de valoración para os proxectos.

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias da Área de Participación Cidadá destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

a.- Traxectoria e antigüidade da entidade. Ata 10 puntos

Valorarase tendo en consideración ademais das datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións, o tempo que leve a entidade participando activamente no seu sector e os períodos de inactividade que atravesara.

b.- Representatividade e area de influencia. Ata 10 puntos

Valorarase tendo en consideración ademais dos socios numerarios da asociación, os participantes habituais nas actividades promovidas pola entidade.

c.- Capacidade económica, infraestrutura e equipamentos. Ata 10 puntos

Valorarase tendo en conta entre outros:

> Os medios materiais dos que dispón a entidade, considerando si ten a súa sede nun local propio ou nalgún local cedido gratuitamente polo Concello ou por outra institución, así como si esta acometendo ás súas expensas, reformas importantes.

> O orzamento de ingresos e gastos da entidade para a programa, analizando a solvencia para o seu desenvolvemento.

d.- Grado de implicación no barrio, parroquia ou distrito. Ata 5 puntos.

Valorarase tendo en consideración:

> O traballo en unidades territoriais como barrios completos fronte aos que actúen en bloques, comunidades de veciños, etc...

> O nivel de coordinación das actividades xunto con outras entidades, ben na súa totalidade ou nalgún aspecto puntual, fronte as actividades autónomas

e.- *Grado de implicación nas actividades da área de Participación Cidadá. Ata 5 puntos*

Valorarase considerando a asistencia e colaboración nas actividades propias desta área polos socios e/ou directivos da asociación.

f.- *Calidade e viabilidade técnica e económica. Ata 50 puntos por cada proxecto/s presentados*

Valorase tendo en conta:

- > *Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais*
- > *Que os programas contén con contidos e métodos socioculturais e/ou socioeducativos*
- > *Que se baseen na análise das necesidades existentes no entorno, que teñan unha viabilidade técnica, sexan interasociativos e incidan no entorno.*
- > *Estean dirixidos á promoción dos sectores de poboación mais desfavorecidos.*
- > *A implicación da entidade solicitante aportando un porcentaxe considerable sobre o custo total do proxecto ou proxectos.*

g.- *Xustificación das subvencións.- Ata 10 puntos*

A xustificación das subvencións anteriores é un requisito para a concesión das subvencións, polo que con este criterio o que se pretende valorar e o esforzo realizado pola entidade para as subvencións precedentes, para a realización dunha memoria completa de seguimento das súas actividades subvencionadas, así como a porcentaxe de xustificación aplicada ao proxecto subvencionado.

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos aportados pola entidade xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no Servizo de Participación Cidadá do Concello de Vigo.

OITAVA.- Resolución da convocatoria e publicidade.

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspondelle ao Técnico de Xestión de Participación Cidadá, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei Xeral de Subvencións.

As solicitudes de subvención para cada un dos programas serán avaliadas conforme ós criterios sinalados anteriormente, pola Comisión de Valoración, órgano colexiado composto por:

Presidenta: A delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá

Vogais: Dous técnicos do servizo de Atención e Participación Cidadá.

Secretario: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

A Comisión de Valoración poderá:

1.- Acadar cantos informes estime necesarios para resolver.

2.- Solicitar a reformulación da solicitude e do proxecto, no caso de que o importe da subvención proposta na resolución provisional sexa inferior ao 25 % da subvención solicitada, axustando os compromisos de gastos á subvención outorgada, respectando o obxecto, as condicións e a finalidade da subvención.

3.- Emitir informe respecto das solicitudes de subvención

Correspóndelle á Xunta de Goberno Local a resolución motivada de concesión das axudas ou desestimación do resto das solicitudes, no prazo de seis meses que contará dende a data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conforme ao previsto no art. 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. As subvencións concedidas por importe superior ós 3.000 € publicaranse no BOP con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. O resto das subvencións publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención.

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo como se prevé no art. 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contía (tras modificación dada pola Lei 19/2003, de 23 de decembro) no prazo de dous meses.

Asemade, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente dito recurso contencioso-administrativo no indicado prazo.

En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entende desestimado.

As subvención serán compatibles con calquera tipo de axuda concedida por diferentes administracións ou entes públicos ou privados, excepto con outras axudas concedidas polo Concello de Vigo para o mesmo obxecto e finalidade. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención, concorrente das subvencións por outras administracións, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, xa que ao tratarse dunha subvención, os ingresos non poden ser superiores aos gastos.

NOVENA.- Obrigas que asumen as entidades subvencionadas.

Os beneficiarios das subvencións conforme a presente normativa, quedan na obriga dos seguintes apartados:

9.1.- Levar a cabo a proposta que fundamenta a concesión da axuda na forma, prazo e termos establecidos na solicitude, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, dereitos de autor, etc...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.

9.2.- Informar e publicitar as actividades subvencionadas, facendo constar nun lugar destacado dos diferentes soportes a lenda “Colabora o Concello de Vigo-Área de Participación Cidadá”, coa incorporación que subministrará o Servizo de Participación Cidadá. Se no financiamento interveñen outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

9.3.- Comunicar calquera eventualidade na programación e/ou orzamento da proposta realizada, así como a obtención doutras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública, ente público ou entidade privada.

9.4.- Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario.

9.5.- Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.

9.6.- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas fiscais e coa Seguridade Social.

9.7.- As demais obrigas establecidas no art. 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, Xeral de Subvencións e o R.d 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

9.8.- A concesión da subvención non exime ós beneficiarios de solicitar as autorizacións pertinentes ou permisos precisos, e cumprir coas obrigas fiscais e tributarias que no seu caso sexan esixibles.

DÉCIMA.- Aboamento.

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexa debidamente xustificada.

Procederase ao pago parcial e redución proporcional do importe nos seguintes casos:

- Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 100 % do importe total establecido no proxecto
- Pola obtención de maior financiamento do previsto no proxecto.
- Polo incumprimento das obrigas do beneficiario

A resolución-liquidación da axuda, co aboamento da parte proporcional correspondente, será competencia da Delegada de Goberno da área de Participación Cidadá.

UNDÉCIMA.- Xustificación.

11.1.- Xustificación mediante rendición de conta xustificativa do gasto realizado.

A conta xustificativa que se rende ante o órgano concedinte da subvención, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario ou da entidade colaboradora e consiste na xustificación do gasto realizado, baixo responsabilidade do declarante, mediante os xustificantes directos do mesmo. Tratarase de facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública.

A conta xustificativa conterá, con carácter xeral, a seguinte documentación:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida.

4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.

5. Actuacións realizadas.

6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.

2. Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas conformadas, polo importe total da subvención outorgada. Ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:

2.1.- Número e no seu caso serie.

2.2.- Nome e apelidos ou denominación fiscal.

2.3.- Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)

2.4.- Enderezo (tanto do expendedor como do tomador da factura)

2.5.- Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.

2.6.- Se está suxeito a IVE, deberán consignarse os datos necesarios para calcular a base imponible e sinalar o tipo de imposición. Nas facturas emitidas por entidades exentas de IVE, achegarse o documento xustificativo de tal situación.

2.7.- Lugar e data de emisión.

2.8.- Nas facturas emitidas por profesionais, a pertinente retención do IRPF.

3. Para o programa de mantemento das entidades que operan no ámbito do movemento veciñal, achegarse tal como figura nos parágrafos anteriores, memoria descritiva dos gastos de mantemento das entidades no que se relacionen os gastos correntes de funcionamento das mesmas no que se refire a persoal, mantemento de instalacións, alugamentos, subministración de teléfono, auga, fax, mantemento de equipos informáticos, etc...

4. Para posibilitar o control da concorrência de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser validados e compulsados polo servizo xestor, mediante un selo existente ao efecto no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificante imputouse total ou parcialmente á subvención, e a cuantía exacta que resulta afectada pola subvención, polo que é preciso a presentación dos orixinais xunto coas súas copias.

5. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividades subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia

c) Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.

d) Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe da actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións)

11.2. Se no exame da documentación presentada, esta se atopa incompleta ou figuran defectos, concederáse a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de dez (10) días naturais para a súa subsanación ou entrega, transcorridos os cales sen efectuar esta, se lles tería por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

11.3.- Os beneficiarios xustificarán a proposta subvencionada nos 30 días hábiles seguintes a súa finalización, e en todo caso, antes do 31 de decembro do 2007. De non cumprirse este requisito, perderáse o dereito a percibir a axuda.

11.4.- Considerarase gasto realizado o que fose efectivamente acreditado con calquera documento de validez xurídica con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado na convocatoria e responda á natureza da actividade subvencionada.

11.5.- O persoal técnico do Servizo de Participación Cidadá será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

DUODÉCIMA.- Revogación da subvención.

O Concello de Vigo poderá acordar a revogación da axuda concedida, si se incurrixe nalgún dos seguintes supostos:

- 1.- Non realizar os programas ou actividades subvencionadas.
- 2.- Incumprir algunha das condicións establecidas nestas bases.
- 3.- Aplicar as subvención a fins distintos para os que foron concedidos.

Igualmente procederá ao reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade ou investimento subvencionado, considerándose dita cantidade como ingresos de dereito público.

Tanto as causas como o procedemento de reintegro, infracción e sancións rexeráse polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos, contidas no Título VI da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sen prexuízo das especialidades que se establecen na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvención e o R.d 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

18(83).- DECLARACIÓN NAS SITUACIÓNS ADMINISTRATIVAS DE EXCEDENCIA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS EN ORGANISMOS AUTÓNOMOS DO SECTOR PÚBLICO E CESE TEMPORAL POR NOMEAMENTO INTERINO DE FUNCIONARIA MUNICIPAL. EXPTE. 17037/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 25.01.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. En oficio de data 27/09/2006 o director dos servizos centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo comunicou á Unidade de Persoal o acordo do Consello da Xerencia de data 07/09/2006 no cal se procedeu ao nomeamento de D^a Nuria Martínez Fociños de Valenzuela como xefa do Negociado de “Xefatura”; D^a Socorro Arbones Arteta como xefa do negociado de “Planeamento e Xestión”, D^a Ana M^a Carballal Regueiro como xefa do negociado de “Disciplina Urbanística”, tras a superación do procedemento convocado ao efecto (concurso de traslados) para a provisión dos devanditos postos de traballo propios do citado organismo autónomo, con bases publicadas no BOP do 20/01/2006, tomando posesión dos postos con datas 01/10/2006 nos tres supostos.

Asemade, en oficio de data 01/12/2006 foi comunicado a esta Unidade o nomeamento da funcionaria municipal D^a M^a José Valenzuela Rodríguez, con NIF 77.008.548-V e nº de persoal 79183, auxiliar de admón. Xeral adscrita ao Servizo de Informática, como técnica de administración xeral interina, tomando posesión do posto con igual data, xunto co nomeamento do funcionario municipal D. Juan González Ramírez, con NIF 36.067.688-P e nº de persoal 23030 –técnico medio de servizos económicos- como funcionario propio do citado organismo autónomo tras superar as probas selectivas convocadas para a provisión por promoción interna dunha praza de técnico superior de servizos económicos, tendo sido nomeado polo Consello da Xerencia en acordo de data 16/11/2006, e tendo tomado posesión da praza o 01/12/2006.

2. En ambos oficios se solicita expresamente desta Unidade que se efectúen as pertinentes baixas na Seguridade Social e na nómina; no último dos oficios, se solicita que “.. según se estime procedente declárese a excedencia ou o cese na prestación de servizo dos funcionarios citados”

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. Á vista das circunstancias conconrentes no presente suposto, cómpre diferenciar dous supostos fácticos:

- a) Funcionarios municipais que, tomando parte en concurso de traslados e proceso selectivo convocados para a provisión de tres xefaturas de Negociado e unha praza de técnico superior de servizos económicos propias dun organismo autónomo, obteñen a adscripción definitiva aos ditos postos de traballo.*
- b) Funcionaria municipal que supera os exercicios para a provisión dunha praza de técnico de admón. xeral vacante e que é nomeada interinamente no marco do funcionamento das listas de substitucións de persoas “aprobadas sen dereito a praza” remanentes tras a execución das ofertas de emprego público.*

No primeiro suposto, parece obvio que a situación existente é a da obtención dun posto de traballo polo procedemento legalmente establecido do concurso (artigos 36 a 50 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do Regulamento Xeral de Ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado, provisión de postos de traballo e promoción profesional) que ten como consecuencia derivada e inherente a toma de posesión no posto

obtido por ese procedemento, e polo sistema de promoción interna no caso de D. Juan González Ramírez – consignado no artigo 22 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e artigos 73 a 80 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso, Provisión de postos de traballo e promoción profesional, de aplicación supletoria ao persoal ó servizo da Administración Local- sen que esté expresamente prevista a promoción interna horizontal ascendente a postos de traballo pertencentes a corpos ou escalas dende unha Administración matriz a un organismo autónomo.

Dos devanditos actos -que tiveron lugar o pasado 1 de outubro do 2006 (no caso das tres xefaturas de Negociado) e o pasado 1 de decembro do 2006 no suposto do técnico superior de servizos económicos- se desprende a consecuencia inmediata do cese no posto ata o momento ocupado, dada a imposibilidade xurídica de desempeño de dous postos no sector público; máxime cando existe un nomeamento de todos eles con cargo aos novos postos e un acto formal de toma de posesión.

Toda vez que os traballadores/as referenciados no primeiro caso teñen pasado a ocupar postos de traballo existentes na relación de postos de traballo propia da Xerencia Municipal de Urbanismo -organismo autónomo municipal creado no ano 1996 e que goza de personalidade xurídica propia e diferenciada do Concello de Vigo, orzamento propio e relación de postos de traballo propia, sen prexuízo do persoal municipal que presta servizos no mesmo- e vistas as peticións formuladas pola propia Xerencia, parece de aplicación o disposto no artigo 29 da vixente Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, recolle no seu apartado 3 que procederá declarar en situación de excedencia voluntaria aos funcionarios públicos cando se atopen en situación de servizo activo en outro corpo ou escala de calquera das Administracións Públicas, ou pasen a prestar servizos en **organismos ou entidades do sector público** e non lles corresponda quedar en outra situación.

II. Pola súa banda, o artigo 15 do Real Decreto 365/1995, do 10 de marzo, do Regulamento de Situacións Administrativas, modificado recentemente por Real Decreto 255/2006, do 3 marzo (BOE nº 54, do 4 de marzo de 2006) recolle que procederá declarar, de oficio o a instancia de parte, na situación de excedencia voluntaria por prestación de servizos no sector público aos funcionarios de carreira que se atopen en servizo activo en outro corpo ou escala de calquera das Administracións Públicas, salvo que tivesen obtido a oportuna compatibilidade.

Os funcionarios poderán permanecer na dita situación en tanto se manteña a relación de servizos que deu orixe á mesma. Unha vez producido o cese como funcionario de carreira ou persoal laboral fixo deberán solicitar o reingreso ao servizo activo no prazo máximo de 1 mes, declarándose, de non facelo, na situación de excedencia voluntaria por interese particular.

III. Na normativa galega en materia de función pública -artigo 55 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia, modificada pola Lei 3/1995, aplicable ao persoal ao servizo da Administración Local naqueles aspectos que non teñan carácter básico reservados á regulación estatal- se establece igualmente que procederá declarar, de oficio ou a instancia de parte, en situación de excedencia voluntaria aos funcionarios cando estean en situación de servizo activo noutro corpo ou escala de calquera das Administracións Públicas, a non ser que obtivesen a oportuna compatibilidade, ou pasen a prestar servizos en organismos ou entidades do sector público e non lles corresponda quedar noutra situación.

IV. No segundo suposto -o da funcionaria municipal que é nomeada funcionaria interina nunha praza vacante de técnico de administración xeral pertencente á propia RPT da Xerencia- e en estricte aplicación do xa citado artigo 16 do Real Decreto 365/1995, do 10 de marzo, do Regulamento de Situacións Administrativas –en concreto do seu apartado primeiro, é clara a imposibilidade de declarar á funcionaria D^a M^a José Valenzuela Rodríguez na

situación de excedencia voluntaria por prestación de servizos no sector público, dado que o propio artigo sinala que “el desempeño de puestos con carácter de funcionario interino o personal laboral temporal no habilitará para pasar a esta situación administrativa”.

Sen prexuízo do anterior, parece obvia a necesidade de que a citada funcionaria sexa declarada nalgũa situación administrativa, coa finalidade tanto de garanti-los seus dereitos como empregada pública como de regularizar a situación fáctica existente na actualidade con respecto á mesma. Así, e á vista do vacío legal existente, por esta Unidade de Persoal se estima oportuno efectuar unha “declaración de cese temporal por nomeamento con carácter de funcionario interino en organismo autónomo do sector público” da funcionaria M^a José Valenzuela Rodríguez, situación que en modo algún lle prexudica, senón que protexe os seus dereitos con respecto á praza de auxiliar de administración xeral da que é titular, coa obriga de comunicar a súa vontade de incorporarse á súa praza no Concello cando se produza o seu cese na condición de funcionaria interina, aos efectos do cal se lle outorga o prazo de 1 mes -en aplicación analóxica ex artigo 4.1 do vixente Código Civil- do artigo 15.3 do Real Decreto 365/1995, do 10 de marzo.

V. Considerando o anteriormente exposto, e no uso das competencias en materia de persoal atribuídas á Xunta de Goberno Local polo artigo 127.1h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, sométese á súa consideración a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Declarar de oficio na situación administrativa de excedencia voluntaria por prestación de servizos no organismo autónomo “Xerencia Municipal de Urbanismo” ás funcionarias D^a Nuria Martínez Fociños de Valenzuela, con NIF 36.059.369-S (n^o de persoal 17897); D^a Socorro Arbones Arteta, con NIF 35.990.146-E (n^o de persoal 17680) e D^a Ana M^a Carballeda Regueiro, NIF 36.059.984-D (n^o de persoal 21692), e ó funcionario D. Juan González Ramírez, con NIF con NIF 36.067.688-P e n^o de persoal 23030, de conformidade co disposto no artigo 29 da vixente Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública e normativa de concordante aplicación, por ter superado os procesos selectivos para a provisión de 3 xefaturas de negociado e 1 técnico superior de servizos económicos convocados ao efecto e ter sido nomeados funcionarios do devandito organismo autónomo en acordos do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de datas 07/09/2006 e 16/11/2006, e tendo causado baixa neste Concello a efectos de nómina e cotizacións empresariais á Seguridade Social en datas 30/09/2006 e 30/11/2006 respectivamente, tomando posesión das novas prazas o 01/10/2006 e 01/12/2006.

Segundo.-Informar aos funcionarios/as declarados en situación de excedencia que, de conformidade co disposto no artigo 15 do Real Decreto 365/1995, do 10 de marzo, do Regulamento de Situacións Administrativas, modificado por Real Decreto 255/2006, do 3 marzo (BOE n^o 54, do 4 de marzo de 2006), unha vez producido o cese como funcionarias da Xerencia Municipal de Urbanismo deberán solicitar o reingreso ao servizo activo neste Concello no prazo máximo de 1 mes, declarándoseles, de non facelo, na situación administrativa de excedencia voluntaria por interese particular.

Terceiro.- Declarar de oficio á funcionaria D^a M^a José Valenzuela Rodríguez, con NIF 77.008.548-V e n^o de persoal 79183, na situación de cese temporal por nomeamento con carácter de funcionario interino en organismo autónomo do sector público, ao ter sido nomeada funcionaria interina no organismo autónomo municipal “Xerencia Municipal de Urbanismo” en acordo do Consello da Xerencia de data 16 de novembro de 2006, habendo causado baixa neste Concello a efectos de nómina e cotizacións empresariais á Seguridade Social en data 30/11/2006 e tomando posesión en data 01/12/2006, establecendo obriga de comunicar a súa vontade de

incorporarse á súa praza no Concello cando se produza o seu cese na condición de funcionaria interina, aos efectos do cal se lle outorga o prazo de 1 mes en aplicación analóxica do artigo 15.3 do Real Decreto 365/1995, do 10 de marzo, do Regulamento de Situacións Administrativas, de aplicación supletoria ao persoal ó servizo da Administración Local.

Cuarto.- Dar contra do presente acordo á Xerencia Municipal de Urbanismo, Concelleiro-delegado da Área, Xerente de Urbanismo, Xefatura da Área de Réxime Interior, e ás interesadas, informándolles que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(84).- RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDO DA XUNTA DE G. LOCAL DE 4.12.06 DE RECTIFICACIÓN DE ERROS BASES ESPECÍFICAS PRAZA TCO. AUXILIAR DE LABORATORIO (OEP 2005). EXPTE. 17039/220.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 31.01.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Único.- En data 02/01/2007 (documento nº 70000406) Dª Rosina Claudina Fernández Fernández, con DNI 35.996.813, presenta escrito de interposición de recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 04/12/2006, relativo á corrección de erros aritméticos, materiais ou de feito nas bases específicas para a provisión dunha praza de técnico auxiliar de laboratorio no marco da oferta de emprego público correspondente ao ano 2005, actualmente en execución.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. O recurso potestativo de reposición presentado reúne os requisitos de admisibilidade legamente consignados nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP-PAC), sen prexuízo da equívoca referencia que a recorrente fai ao procedemento de revisión de oficio de actos administrativos nulos, posibilidade ésta que non cabe no presente suposto, por non estar esgotada a vía administrativa nos termos e condicións do previsto no artigo 102 da mesma norma.

II. A mesma norma procedimental consigna no seu artigo 117 o prazo para a interposición do mesmo, fixado en 1 mes se o acto fose expreso, tal e como é o presente caso; prazo que debe contarse dende o día seguinte ao da súa

notificación ou publicación. Deste xeito, e considerando que as Bases xerais e específicas rectoras da Oferta de Emprego Público para o ano 2005 foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 27/03/2006 (BOP do 9 de xuño do 2006), os recursos e alegacións contra as mesmas resolto en acordo de data 04/09/2006, tendo sido publicadas íntegramente no DOG do 21 de novembro do 2006, e posterior rectificación de erros publicada no BOP de data 11/12/2006 e DOG do 19 de decembro seguinte.

III. No recurso de reposición presentado impúgnase a corrección de erros efectuada en acordo da Xunta de Goberno Local de data 04/12/2006, no cal literalmente se acordou:

“PRIMEIRO.- Rectificar, ao abeiro do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, o erro material padecido na base IV das bases específicas rectoras da praza de técnico auxiliar de Laboratorio, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 09/06/2006 (BOP do 9 de xuño do 2006 e BOP do 9 de setembro do 2006), en canto á base IV-“Condicións dos aspirantes”, que deberá quedar redactada do seguinte xeito:

“IV.- Condicións dos aspirantes.

Ademáis das que figuran na base 4ª das xerais, as/os aspirantes deberán estar en posesión do título de FP II rama laboratorio ou análise, ou titulación superior (diplomatura ou licenciatura) referidas ás seguintes carreiras: CC. Físicas, CC. Químicas, CC. Ambientais, Farmacia, Bioloxía, Veterinaria, Ciencia e Tecnoloxía Alimentaria e Bioquímica. Ós efectos prevenidos nesta convocatoria, e de conformidade co disposto na D.T. 5ª da Lei 30/84, de medidas para a reforma da función pública, considerarase equivalente o título de diplomado universitario a superación de tres cursos completos dunha licenciatura.”

SEGUNDO.- Ordenar á Unidade de Persoal que se proceda con carácter urxente á realización dos trámites necesarios para a publicación do presente acordo nos diarios e boletíns oficiais, a efectos de non retrasar a execución da Oferta de emprego correspondente ao ano 2005 e actualmente en curso.”

Alega a recorrente como primeiro motivo de impugnación a falta de motivación do acto administrativo impugnado; motivo de recurso que resulta en modo algún admisible, por non axustarse á realidade. Na fundamentación do propio acordo – baseada no informe emitido en data 01/12/2006 pola Xefa da Unidade de Persoal e o técnico de Organización e Métodos- se sinala que o motivo da corrección efectuada encontra o seu apoio legal no artigo 5.1.d) da Lei de Funcionarios Civís do Estado, dada por Decreto 315/1964, do 7 de febreiro (e vixente no que non sexa incompatible coa normativa posterior en materia de Función Pública, recolle que as prazas ocupadas por funcionarios interinos nomeados por razóns de urxencia e) necesidade deberán incluírse na oferta de emprego público inmediatamente posterior á permanencia de 1 ano do interino no seu posto, para ser obxecto de provisión dacordo cos procedementos establecidos na Lei, a excepción das prazas ocupadas por interinos para substituír a funcionarios con dereito a reserva do posto de traballo (o que non concorre no presente caso); parecendo lóxica a necesidade de que se manteñan idénticos requisitos de titulación para o acceso á praza que os esixidos no seu momento para a súa cobertura con carácter interino, xa que, en senso contrario, estaríase ofertando públicamente unha praza substancialmente diferente á convocada no seu día.

Resultaba obvia a necesidade de proceder á rectificación do devandito erro, tanto en aras de garanti-la adecuación da praza ofertada ás necesidades do servizo do Laboratorio Municipal –motivadoras no seu día do proceso selectivo de interinidade convocado- como do correcto desenvolvemento dos procesos selectivos que se realicen en execución da Oferta de emprego público, dando cumprimento aos principios constitucionais de

igualdade, mérito e capacidade que deben rexer o acceso á Función Pública, consignados nos artigos 103.3 e 14 da vixente CE de 1978.

Asemade, a esencial motivación se basea nas previsións do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, en canto que establece que a rectificación dos erros materiais, aritméticos ou de feito padecidos nos actos administrativos pode ser realizada de oficio pola Administración ou ben a instancia de parte en calquera momento.

Non parece que concorra tampouco vulneración algunha do principio de igualdade, dado que se trata dunha praza ofertada para ser cuberta polo sistema de oposición libre –do cal pode afirmarse que se trata do sistema selectivo que ofrece as máximas garantías de cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade consignados no artigo 103. da vixente Constitución de 1978, rectores e informadores do acceso á función pública.

Dado que os requisitos que deben reunir os aspirantes ao posto de técnico auxiliar de laboratorio se concretan no requisito de posesión das titulacións sinaladas (FP II rama laboratorio ou análise, ou titulación superior (diplomatura ou licenciatura) referidas ás seguintes carreiras: CC. Físicas, CC. Químicas, CC. Ambientais, Farmacia, Bioloxía, Veterinaria, Ciencia e Tecnoloxía Alimentaria e Bioquímica, en relación co disposto na D.T. 5ª da Lei 30/1984, de Medidas para a Reforma da Función Pública, considerándose equivalente ao título de diplomado universitario a superación de tres cursos completos dunha licenciatura), non se sustenta o motivo de recurso primeiramente invocado pola recorrente, posto que coa corrección de erros efectuada non se limita o dereito de acceso ao dito posto, senón que se amplía e se adecúa aos requisitos esixidos nas bases no seu día aprobadas e publicadas (BOP do 20 de maio de 2004) para a provisión con carácter interino do posto ofertado.

III. O segundo dos motivos de recurso é o do presunto incumprimento do trámite de audiencia, que estima a recorrente que é de aplicación ás rectificacións de erros materiais, citando a tales efectos o artigo 105 da Constitución de 1978.

Ao respecto cabe salientar que o artigo en cuestión invocado pola alegante parece que ten sido erróneamente interpretado e aplicado, dado que o mesmo se refire unicamente a que “la ley regulará la audiencia de los ciudadanos directamente o a través de las organizaciones y asociaciones reconocidas por la ley, en el procedimiento de elaboración de las disposiciones administrativas que les afecten”, pero en ningún caso pode desprenderse –nin sequera dunha interpretación forzada do mesmo- que estableza un trámite de audiencia cualificado para todo aquel particular ou particulares que non estean dacordo cos requisitos de acceso á función pública no marco das ofertas de emprego público elaboradas pola Administracións Públicas. A interpretación que formula a recorrente do artigo 105 CE non parece amparada en modo algún polos criterios que para a interpretación das normas xurídicas establece o artigo 3 do vixente Código Civil.

A maior abundamento, cómpre salientar que os dereitos dos cidadáns a participar nos procedementos administrativos -en especial aqueles que podan afectar a unha pluralidade indeterminada de interesados como son os procedementos de concurrencia competitiva- se ven plenamente garantizados mediante a aplicación do principio de publicidade, que no presente suposto (e como a propia alegante admite no seu recurso) foi plenamente cumprido mediante publicación do acto impugnado no BOP do 11/12/2006.

A finalidade última da dita publicación é a de facilitar que os administrados potencialmente afectados pola actividade administrativa e que reúnan a condición de interesados no procedemento ao efecto incoado podan exercitar o seu dereito de impugnación dos actos administrativos dos mesmos dimanantes, tal e como se recolle no capítulo II do Título VII da Lei 30/1992, do 26 de novembro (artigos 107 a 119 ambos inclusive), como ten efectuado a recorrente mediante o presente recurso potestativo de reposición. Como resulta obvio, a tutela dos dereitos dos administrados está amparada tamén polos recursos xurisdiccionais que as leis regulan e establecen (Lei 29/1998, do 13 de xullo, Regulador da Jurisdicción Contencioso-Administrativa e demais accións procesuais recoñecidas por normas con rango de Lei).

IV. En canto ao terceiro motivo do recurso (consideración dos criterios utilizados por outras Administracións Públicas para a provisión de postos de traballo) non parece tampouco susceptible de prosperar, toda vez que o caso concreto citado pola mesma refírese ao persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, tipoloxía xurídica de persoal que é diferente ao persoal laboral e ao persoal funcionario, a pesares de asimilarse a este último en virtude da Disposición Transitoria Cuarta da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para Reforma da Función Pública, e Lei 55/2003, do 16 de decembro, pola que se aproba o Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, sen prexuízo das competencias na dita materia das que é titular a Comunidade Autónoma de Galicia.

Asemade, lémbrese á alegante a existencia da potestade de autoorganización da que goza a Administración Local ex artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, a cal si ben non pode nin debe ser utilizada para fines diferentes ao consignados no artigo 103.1 da vixente Constitución, atopa a súa máis explícita concreción na elaboración do cadro de persoal presupostario, relación de postos de traballo, e ofertas de emprego público coas conseqüentes bases rectoras.

Sen prexuízo da obriga xenérica e fomento da promoción interna establecida artigo 22 da Lei 30/1984, o certo é que entra dentro da potestade de autoorganización das Administracións Públicas a avaliación da necesidade de reservar ou non determinados postos de traballo a tal efecto. No marco das elaboracións da vixente oferta de emprego público correspondente ao ano 2005 do Concello de Vigo, as negociacións sindicais concluídas na Mesa Xeral de Negociación celebrada o 16 de marzo de 2006, concluíron co acordo de que a praza de técnico auxiliar de laboratorio se ofertase para ser cuberta por oposicións libre, por unanimidade dos representantes sindicais presentes.

Deste xeito, e xa en canto ao último motivo de impugnación (exceso no alcance da rectificación efectuada) non se comprende por qué se produciría unha eventual lesión aos dereitos de participación da recorrente no proceso selectivo que para tal fin se celebra, dado que si a mesma reúne os requisitos de titulación establecidos na convocatoria, ninguén pode privarlle de participar nela en igualdade de condicións cos restantes aspirantes que podan optar á praza de técnico auxiliar de laboratorio. O que en ningún caso parece admisible é que a través dunha alegación fundada nunha presunta lesión de dereitos un/unha recorrente intente que unha praza ofertada para ser cuberta polo turno libre –previa negociación colectiva ao efecto- se reserve unicamente para promoción interna, por motivos subxectivos que escapan -e deben escapar- ao alcance desta Administración, dado que – como ben sinala o Código Civil xa citado no seu artigo 7- os dereitos deberán de exercitarse conforme ás esixencias da boa fe; boa fe que, si é esixible á Administración en virtude do disposto no artigo 3 da Lei 30/1992, tamén en xusta reciprocidade debe ser esixida aos administrados.

V. Visto o anteriormente dito, e considerando as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta en canto á aprobación das bases das convocatorias de selección e provisión de postos de traballo ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local en canto aos municipios suxeitos ao réxime de grande poboación, elévase ao devandito órgano a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de reposición presentado en data 02/01/2007 (documento nº 70000406) por Dª Rosina Claudina Fernández Fernández, con DNI 35.996.813, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 04/12/2006, relativo á corrección de erros aritméticos, materiais ou de feito nas bases específicas para a provisión dunha praza de técnico auxiliar de laboratorio no marco da oferta de emprego público correspondente ao ano 2005, polos motivos expostos nos antecedentes e de conformidade cos fundamentos xurídicos expresados.

SEGUNDO.- Contra o presente acordo únicamente poderás interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos, termos e condicións do recollido nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, sen prexuízo de calquera outro que estime procedente en defensa dos seus dereitos.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(85).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE A DOUS OFICIAIS CONDUCTORES ADSCRITOS Á ALCALDÍA, CORREONDENTE Ó 4º TRIMESTRE 2006. EXPTE. 16997/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.01.07, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización da Unidade de Persoal, do 19.01.07, conformado pola xefa do Servizo de Persoal e polo primeiro tenente de Alcalde, que di o seguinte:

Antecedentes.-

Dentro do persoal dependente da Alcaldía, figuran dous postos de conductor da Alcaldía, ós que se lle esixe permanentemente un rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo máis aló do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas.

Neste caso e fronte ó restante persoal das súas respectivas categorías, concorren as circunstancias contempladas no art. 5 do Real decreto 861/1986, do 25 de abril, para facerse acreedores do complemento de produtividade, xa que non contan cun horario fixo, senon que teñen que estar a disposición da Alcaldía ou dos membros do Goberno municipal no momento no que sexan requeridos para isto, incluso xornadas en sábado, domingo ou festivo, nocturna, etc.

A xefa do Gabinete da Alcaldía, a través de escrito de data 12 de xaneiro de 2007, solicita se lles aboe un complemento de produtividade, de conformidade co disposto na base j) da Instrucción 3ª sobre plantilla e relación de postos de traballo, con contía a determinar pola Comisión de Goberno en función das horas traballadas.

Fundamentos de dereito:

De conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

Corresponde ó Alcalde-Presidente da Corporación a distribución do complemento de produtividade entre os diferentes programas ou áreas e a asignación individual do complemento de produtividade, con suxección ós criterios que, de se-lo caso, teña establecido o Pleno, sen prexuízo das delegacións que teña conferidas con arranxo ó establecido na Lei 7/ 85, de 2 de abril.

Na actualidade, a facultade de asignación individual deste complemento retributivo atópase delegada na Xunta de Goberno Local, excepto para os funcionarios dos grupos A e B, que foi expresamente delegada no Pleno do Concello tal e coma se especifica nas Bases de execución do Orzamento (Base 14).

A este respecto, as vixentes instruccións sobre plantilla e relación de postos de traballo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 30 de maio de 2005, en concreto a citada instrucción 3ª j), establece que “con cargo ó complemento de produtividade aboarase o especial rendemento e dedicación e a actividade extraordinaria pola plena dispoñibilidade que se lle esixe ó persoal que presta servizos como Conductor da Alcaldía, en función das horas traballadas a establecer pola Comisión municipal de Goberno e co devengo semestral, condicionado, en todo caso, ó informe previo do servizo da Alcaldía, acreditativo da especial dedicación”.

O abono efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose, polo tanto, as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións. Non obstante, consideraránse como traballados os períodos de baixas por accidente de traballo e enfermidade profesional e, os correspondentes a permisos e licencias contidos no acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ó servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.

A asignación destes complementos retributivos requirirá consignación previa do gasto por parte da Intervención Xeral, así como a ulterior publicación do acordo no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello para coñecemento dos demais traballadores.

En consecuencia, e acreditado o número de horas de prestación de servicios, considerase oportuno recompensar este meritorio rendemento e dedicación permanente, a través dun complemento de produtividade que en certa medida compense o esforzo e dedicación que se lle ven esixindo ós traballadores afectados.

Como promedio obxectivo para a súa asignación, considerase ponderado o abono de 4,28 € hora normal e de 6,81 € hora festiva, cantidades que se aboarán en función das horas en exceso realizadas, resultando as seguintes cantidades:

- *D. Basilio Costas Fernández, núm. persoal 10257, conductor da Alcaldía, por un importe total de 1.767,14 €.*
- *D. Cesáreo Rocha Paramés, núm. persoal 12256, conductor da Alcaldía, por un importe total de 775,70 €.*

Nembargantes, na nómina do pasado mes de decembro, aplicouse o resultado da adecuación retributiva dos seus correspondentes postos de traballo, con efectos de 1 de xaneiro de 2006, co que resulta necesario revisar os importes percibidos por acordos da Xunta de Goberno Local de datas 10 e 24 de xullo e 30 de outubro de 2006, correspondentes os 3 primeiros trimestres, resultando que D. Basilio Costas Fernández percibiu indebidamente a cantidade de 420,90 € e D. Cesáreo Rocha Paramés un total de 340, 61 €, cantidades que deberán menguar os importes a percibir no derradeiro trimestre do pasado ano 2006.

Vistos os feitos precedentes e normas legais de anterior invocación, pode informarse que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor puidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senon dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, toda vez que a simple concorrencia dos criterios de asignación aprobados pola Xunta de Goberno Local non poden implicar un devengo automático da produtividade, xa que éstos tan só constitúen os supostos fácticos previos e necesarios para poder aprecia-lo rendemento dos funcionarios propostos, proponse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a seguinte proposta:

“Aboar ós seguintes funcionarios, que prestan servicios como conductores adscritos a Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais ala do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril:

- *D. Basilio Costas Fernández, núm. persoal 10257, conductor da Alcaldía, 1.342,24 €.*
- *D. Cesáreo Rocha Paramés, núm. persoal 12256, conductor da Alcaldía, 435,09 €.*

Dese traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(86).- PROPOSTA NOMEAMENTO CANDIDATOS A POSTOS INCLUÍDOS NO CONCURSO DE TRASLADOS 2005. EXPTE. 17038/220.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a acta do 25.01.07 da Comisión de Valoración do Concurso de Traslados correspondente ó ano 2005, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización, do 26.01.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Nomear para os postos de traballo que se indican ós/as seguintes candidatos/as que obtiveron a maior puntuación segundo a lista aprobada definitivamente na sesión da Comisión de Valoración do Concurso de Traslados correspondente o ano 2005 de data 25 de xaneiro de 2007:

POSTO DE TRABALLO	CANDIDATO/A PROPOSTO/A	PUNTUACION TOTAL
Xefe/a Negociado Xunta Goberno Local	D ^a . M ^a . Mercedes Eiras Fernandez	13,17 puntos
Xefe/a Negociado Estatística	D ^a . M ^a . Elvira González Gallego	13,00 puntos
Xefe/a Negociado Sanidade	D. José Manuel González Ucha	12,37 puntos
Xefe/a Negociado Medio Ambiente	D ^a . M ^a . del Carmen Viñas Rodrigo	13,334 puntos
Xefe/a Oficina Secret. Xerencia Urbanismo	D ^a . Mónica Escariz Couso	11,18 puntos
Xefe/a Gastos	D ^a . Marta Román Breijo	13,20 puntos
Técnico/a mantemento informática	D. Gumersindo Vázquez Pedrido	13,10 puntos
Xefe/a Subalternos	D ^a . M ^a . Teresa Vaqueiro Herbelo	11,09 puntos
Inspector/a auxiliar obras	D. Ventura Oujo Gerut	12,46 puntos
Oficial control seguridade	D. José Manuel Roca Dafonte	14,70 puntos
	D. José Baceiros González	11,90 puntos
	D. José Manuel Rodríguez Caramés	10,68 puntos
Xefe/a equipo oficios	D. Roberto Mariño Sanromán	11,93 puntos
	D. José Miranda Riveira	11,57 puntos
	D. José Alfonso Pérez Fernández	11,03 puntos
	D. Miguel Angel Alonso Alonso	10,70 puntos
	D José Luis Amoedo Moreira	9,96 puntos
	D. Alfonso Conde Rodríguez	9,47 puntos
Vixiante en xeral	D. Alfonso Rodríguez Leirós	9,16 puntos

Segundo.- Declarar deserta a convocatoria para cubrir un posto de operador de informática, tres postos de vixiante en xeral e dous postos de vixiante de instalacións municipais o non obter ningún dos candidatos presentados un mínimo de 9 puntos conforme o baremo de méritos que figuran nas bases do concurso.

Terceiro.- A toma de posesión deberá efectuarse polos/as candidatos/as designados nos tres días hábiles seguintes a publicación da Resolución do presente concurso no Boletín Oficial da Provincia.

22(87).- BASES E ORZAMENTO DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL PARA O ANO 2007. EXPTE. 17019/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.01.07, dáse conta do informe-proposta da Unidade de Persoal, do 19.01.07, conformado polo primeiro tenente de alcalde, que di o seguinte:

A Secretaria do Fondo Social, con data 12 de decembro de 2006, remite acordo da Comisión do Fondo de Acción Social, onde se recolle a distribución do presuposto e bases de dito Fondo Social para o vindeiro ano 2007, por un importe total de 329.649,00 € (trescentos vintenove mil seiscientos corente e nove euros), segundo se transcribe a continuación:

1.- Axudas socio-sanitarias: 140.404,00 €

Destinadas a cubrir gastos de próteses, gafas, e todo tipo de necesidades médicas que non cubre a Seguridade Social, da unidade familiar.

Documentación:

- *Impreso de solicitude do Fondo Social.*
- *Fotocopia compulsada da factura ou orixinais, (non se aceptan recibos), que abranguen dende o 1 de xuño do 2006 ata o 31 de maio de 2007.*
- *Páxina 1 da declaración da renda ou libro de familia (parellas de feito, documentación acreditativa).*

Prazo presentación solicitudes: Ata o 31 de maio 2007.

2.- Axudas estudos: 100.000,00 €

Destinadas a cubri-los gastos de garderías e estudos oficiais, tanto dos fillos/as solteiros/as como do propio traballador/a.

Documentación:

- *Impreso de solicitude do Fondo Social.*
- *Matrícula do centro (a partir 15 anos cumpridos).*
- *Páxina 1 da declaración da renda ou libro de familia.*
- *Matrícula gardería.*

Prazo presentación solicitudes: Ata o 15 de xaneiro de 2007.

3.- Axudas extraordinarias: 89.245,00 €

*Destinadas a afrontar sucesos graves e extraordinarios –
debidamente xustificadas.*

Prazo presentación solicitudes: Durante todo o ano.

CONDICIÓN XERAIS:

Destinatarios: Persoal do Concello de Vigo.

Solicitudes: Recóllense e entréganse, xunto coa documentación, nos locais do Comité (5º andar).

As facturas das gafas deberán especificar o importe da montura e dos cristais (para a montura se concederá unha axuda máxima de 100 €) e achegarase tamén valoración optometrista.

A Comisión, unha vez contabilizadas e valoradas o número de solicitudes presentadas, determinará a contía a outorgar por grupos (A,B,C,D,E).

Unha vez exposto o listado de axudas concedidas, hai un prazo de 30 días para reclamacións.

Queda excluída a limpeza bucal do traballador/a, por estar cuberta pola Mutua.

Quedan excluídos os tratamentos médicos que non esten recoñecidos, nin recetados pola Seguridade Social ou Sergas.

FINAL: Todo traballador/a que falsifique ou modifique a documentación orixinal non recibirá novas axudas do Fondo e polo período que estableza a Comisión.

O Regulamento do Fondo Social no seu art. 5 establece entre as funcións da comisión xestora, a de propoñer ó órgano municipal competente en cada caso os programas e actuacións dirixidas a mellora-lo benestar do persoal municipal.

Examinada a proposta da comisión xestora, compróbase que efectivamente as axudas que se propoñen poden incluírse dentro da mellora do benestar social dos traballadores, sendo o tope de axuda segundo o número de solicitudes e o grupo ó que pertenza o traballador.

Por isto, a funcionaria que subscribe propón á Xunta de Goberno Local, previa fiscalización do acordo pola Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

“Aproba-la distribución do Fondo Social para o ano 2007, por un importe de 329.649,00 € (trescentos vintenove mil seiscientos corente e nove euros), das que 140.404,00€ corresponden a axudas socio-sanitarias; 100.000,00 €

a axudas por estudos e 89.245,00 € corresponden a axudas extraordinarias, destinadas a afrontar sucesos graves ou extraordinarios debidamente xustificadas.

Segundo.- De conformidade co previsto no art. 5 do Regulamento do Fondo Social, a comisión xestora deberá elaborar unha memoria anual sobre a execución do programa do ano pasado, que remitirá ó Presidente da Corporación e deberá darlle a debida publicidade entre o persoal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(88).- PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN POR TOXICIDADE CORRESPONDE Ó MES DE DECEMBRO 2006. EXPTE. 17005/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.01.07 e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Persoal, do 17.01.07, conformado polo primeiro tenente de Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de Complemento de productividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comezan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Rogelio Rocha Alvarez, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de DECEMBRO-2006 e que ascenden a un total 701'34 € (SETECENTOS UN EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

24(89).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE Ó MES DE DECEMBRO DE 2006 POR XORNADA PARTIDA. EXPTE. 17006/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.01.07 e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Persoal, do 17.01.07, conformado polo primeiro tenente de Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de DECEMBRO-2006, e que

ascenden a un total de 1.033'23 € (MIL TRINTA E TRES EUROS CON VINTETRES CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

25(90).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE Ó MES DE DECEMBRO 2006. EXPTE. 17004/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.01.07 e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Persoal, do 17.01.07, conformado polo primeiro tenente de Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar a don Antonio Amoedo García nº persoal 22579 do Parque Móbil, a cantidade que figuran na relación que se achega no expediente e que ascende a un total de 51'18 € (CINCOENTA E UN EUROS CON DEZAOITO CÉNTIMOS), correspondente ó mes de DECEMBRO de 2006, de conformidade coa instrucción terceira, apartado c) sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos para o exercicio 2005 establece que aboarase con cargo ó complemento de productividade, a actividade extraordinaria derivada da toxicidade do persoal que traballa sen habitualidade no vertedeiro do zondal, con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00.

26(91).- PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL POR MANEXO DE MAQUINARIA PESADA CORRESPONDENTE Ó 4º TRIMESTRE 2006. EXPTE. 17012/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.01.07 e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Persoal, do 17.01.07, conformado polo primeiro tenente de Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servizos prestados polo persoal do Parque Móvil por manexar maquinaria pesada, correspondente ó 4º TRIMESTRE-2006, aboarase ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comenza por don Miguel Angel Alonso Alonso e remata por don Florentino Prieto Domínguez e que ascenden a un total de 1.672'83 € (MIL SEISCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON OITENTA E TRES CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

27(92).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE

**EXTINCIÓN DE INCENDIOS CORRESPONDENTE Ó MES DE DECEMBRO DE 2006.
EXPTE. 17042/220.**

Dáse conta do informe-proposta emitido pola xefa da Unidade de Persoal, de 8.01.07, que di o seguinte:

Consonte á instrucción cuarta, apartado f) sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, vixente para o presente exercicio, en concordancia coa Disposición Transitoria 6ª.1 do vixente Acordo Regulador, aprobado polo Pleno da corporación en sesión de 28 de decembro de 1998, aboarase con cargo a gratificacións por servizos extraordinarios o exceso de xornada estrutural anual do persoal adscrito ó servizo de extinción de incendios e salvamento, sen prexuízo da parte que se lle incluíu no complemento específico.

De conformidade co acordo adoptado pola Xunta de goberno local en sesión de 19 de abril de 2004, a xornada estrutural do SEIS quedou establecida en 219 horas anuais, como consecuencia da redistribución do réxime de quendas aprobado en dito acordo, respetándose nembargantes o réxime retributivo e importes vixentes.

Consecuentemente, o importe mensual destas gratificacións resulta, segundo categoría, o seguinte :

<i>Bombeiro e Conductor-Bombeiro.....</i>	<i>252,12 €</i>
<i>Cabo.....</i>	<i>266,97 €</i>
<i>Sarxento Xefe de Turno.....</i>	<i>304,74 €</i>
<i>Sarxento Xefe de Parque.....</i>	<i>328,95 €</i>
<i>Suboficial / Oficial.....</i>	<i>334,79 €</i>

As cantidades vixentes para este ano resultan de aplicar sobre as cantidades correspondentes o ano 2005, o incremento do 2% do IPC correspondente o exercicio 2006, previstos nas Leis de presupostos do Estado para o exercicio de 2006, respectivamente.

Nesta orde de antecedentes, o abono deste complemento retributivo queda suxeito ós seguintes presupostos de asignación :

Que se realice unha xornada en exceso sobre as normais de 219 horas/ano. No caso contrario reducirase na parte proporcional que corresponda.

Por cada día de ausencia ó traballo descontarase, segundo a categoría profesional, a parte proporcional resultante dos importes mensuais percibidos polo persoal do servizo de Extinción de Incendios en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios por dito exceso de xornada.

Por isto e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, a Xefa da Unidade de Persoal propón o primeiro tenente de alcalde, a aprobación da seguinte

PROPOSTA:

“Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal do Servizo de Extinción de Incendios, aboarase os traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por don Carlos Abalde Fernández e remata por don José B. Villaverde Veleiro, as cantidades que figuran para cada un deles,

correspondentes o mes de DECEMBRO-2006, por un total de 31.560,97 €, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”

Con data 8.01.07 o primeiro tenente de alcalde resolve de conformidade coa proposta contida no precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

28(93).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE Ó MES DE DECEMBRO DE 2006. EXPTE. 17014/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.01.07 e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Persoal, do 17.01.07, conformado polo primeiro tenente de Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas no expediente e que comezan por don Jesús Alfonso Sanmartín do servizo de Cemiterios e rematan por don Amantino Fernández Fernández do Museo, os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 134.804'02 € (CENTO TRINTA E CATRO MIL OTOCENTOS CATRO EUROS CON DOUS CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, correspondentes o mes de DECEMBRO de 2006.

SERVICIO	IMPORTE
CEMENTERIOS	3.087'50
POLICÍA LOCAL	70.783'64
EXTINCIÓN DE INCENDIOS	51.856'94
MONTES, PARQUES E XARDINS	2.845'27
ALCALDÍA	327'10
LIMPEZA	1.272'29
CONSERXERÍA	37'70
PARQUE MÓBIL	2.228'71
PARQUE CENTRAL	1.788'68
DESINFECCION	129'06
IMD (outubro)	146'47
MUSEO QUIÑONES DE LEON	300'66
TOTAL	134.804'02

29(94).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE Ó MES DE DECEMBRO DE 2006. EXPTE. 17007/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.01.07 e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Persoal, do 17.01.07, conformado polo primeiro tenente de Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondentes ao mes de DECEMBRO-2006, e que ascenden a un total de 610'20 € (SEISCENTOS DEZ EUROS CON VINTE CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións

30(95).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE ÓS MESES DE AGOSTO E DECEMBRO 2006. EPXTE. 17013/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.01.07 e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Persoal, do 17.01.07, conformado polo primeiro tenente de Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondentes os meses de AGOSTO e DECEMBRO-2006, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

- Servicio de Extinción de Incendios, relación que se achega no expediente e que comeza por don Francisco J. Abreu Torres e remata por don Manuel Villar Domínguez, por un total de 1.709'00 horas.
- Policia Local, relacións que se achega no expediente e que comeza por don Constante Alonso Caride e rematan por dona Lucia Vidal Lorenzo, por un total de 1.509'00 horas .
- Parque Móbil, relación que se achega no expediente e que comeza por don Carlos Abalde Blanco e remata por don J. Manuel Sixto Pérez, por un total de 826'15 horas.

- Inspección de Vías e Obras, relación que se achega no expediente e que comeza por don Benito Barciela Simón e remata por don Ricardo Lobato Cameselle, por un total de 86'00 horas.
- Oficina Supervisora de Proxectos e Inspección de Obras, relación que se achega no expediente e que comezan por don José Eugenio Matilde Viñas e rematan por don Angel Ferro Mancho, por un total de 40'00 horas.
- Desinfección, relación que se achega no expediente e que comeza por don Manuel Antonio Pereiro Alonso e rematan por don José Ramón Seijas Alvarez, por un total de 80'00 horas.
- Alcaldía, relación que se achega no expediente e que comeza por don Basilio Costas Fernández e remata por don Cesareo Rocha Paramés, por un total de 159'00 horas.
- Conserjería, relación que se achega no expediente de dona M^a Teresa Vaqueiro Herbello, por un total de 88'30 horas.
4.- Órgano competente para adopción do presente acordo.- Tendo en conta o artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, a competencia para a adopción do presente acordo a Xunta de goberno local.

En virtude dos feitos e fundamentos indicados, propóñese a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO: Desestimar as alegacións presentadas don Manuel Rodríguez Alonso (doc 60107800), don Enrique Rodríguez Comesaña (doc 60107804), don Manuel Fernández Rodríguez (doc 60112753). Estimar parcialmente a alegación presentada por dona Sofía Figueroa Losada (doc 60127962) unicamente no que respecta á solicitude de expropiación da totalidade da finca, desestimando a mesma no resto.

SEGUNDO: Aprobar definitivamente o proxecto de expropiación por taxación conxunta das fincas descritas no proxecto expropiatorio presentado polo Consorcio da Zona Franca de Vigo (asinado pola “Directora Gestión de Suelo” e o “Director de los servicios técnicos y obras”) o 30.05.06 (expte 199/413), coa única rectificación que alcanza á parcela número 10 na que se inclúe como superficie a expropiar 218,00 m2. Achégase como anexo do presente acordo, follas rectificadas (parcela 10) de xustiprezo.

TERCEIRO: De acordo co establecido no artigo 143.6 e 7 da Lei 9/02, de 30 de decembro, os expropiados disporán dun prazo de vinte días dende a notificación desta resolución para, se o estiman conviñente, manifestar xustificadamente e por escrito a súa posible disconformidade coa valoración dos predios expropiados. Nese caso remitirase copia do expediente ó Xurado de Expropiación Forzosa, previo informe.

CUARTO.-Notifíquese o contido íntegro deste acordo ós interesados, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO-FOLLAS DE PREZO XUSTO

FOLLA DE PREZO XUSTO			
PARCELA Nº: 2			
PROPIETARIO: MELCHOR COSTAS ALONSO			
DOMICILIO: C/ RAMIRO PASCUAL, Nº 70 BABIO-BEADE (VIGO)			
RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS			
UNIDADE	CONCEPTO	PREZO	IMPORTE €
170,00 m2	Terreo	28,57 €/m2	4.856,90 €
Suma			4.856,90 €
5% premio afección.....			242,85 €
Total valoración.....			5.099,75 €
Vigo, 31 de maio de 2006			
O Técnico da Admón Xeral		O Director Adxunto de Xestión e Planeamento da Xerencia de Urbanismo	
Asdo. David Prada Puentes		Asdo. Julio Fernández Cermeño	

FOLLA DE PREZO XUSTO			
PARCELA Nº: 5			
PROPIETARIO: ENRIQUE RODRÍGUEZ COMESAÑA			
DOMICILIO: CAMIÑO DO LAGO, Nº 22 CARBALLO DO PAZO-BEADE (VIGO)			
RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS			
UNIDADE	CONCEPTO	PREZO	IMPORTE €
246,00 m2	Terreo	28,57 €/m2	7.028,22 €
12,00 ud	Eucalipto	20,37 ud	244,44 €
1,00 ud	Pino	20,37 ud	20,37 €
1,00 ud	Castaño	20,37 ud	20,37 €
1,00 ud	Carballo	65,32 ud	65,32 €
Suma			7.378,72 €
5% premio afección.....			368,94 €
Total valoración.....			7.747,66 €
Vigo, 31 de maio de 2006			
O Técnico da Admón Xeral		O Director Adxunto de Xestión e Planeamento da Xerencia de Urbanismo	
Asdo. David Prada Puentes		Asdo. Julio Fernández Cermeño	

FOLLA DE PREZO XUSTO			
PARCELA Nº: 6			
PROPIETARIO: MANUEL RODRÍGUEZ ALONSO			
DOMICILIO: BEIRÁN, Nº 87 MATAMÁ - VIGO			
RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS			
UNIDADE	CONCEPTO	PREZO	IMPORTE €
246,00 m2	Terreo	28,57 €/m2	7.028,22 €
Suma			7.028,22 €
5% premio afección.....			351,41 €
Total valoración.....			7.379,63 €
Vigo, 31 de maio de 2006			
O Técnico da Admón Xeral		O Director Adxunto de Xestión e Planeamento da Xerencia de Urbanismo	
Asdo. David Prada Puentes		Asdo. Julio Fernández Cermeño	

FOLLA DE PREZO XUSTO			
PARCELA Nº: 8			
PROPIETARIO: MANUEL FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ			
DOMICILIO: CAMIÑO DO FACHO, Nº 15- FACHO BEADE (VIGO)			
RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS			
UNIDADE	CONCEPTO	PREZO	IMPORTE €
173,00 m2	Terreo	28,57 €/m2	4.942,61 €
1,00 ud	Pino	20,37 ud	20,37 €
Suma			4.962,98 €
5% premio afección.....			248,15 €
Total valoración.....			5.211,13 €
Vigo, 31 de maio de 2006			
O Técnico da Admón Xeral		O Director Adxunto de Xestión e Planeamento da Xerencia de Urbanismo	
Asdo. David Prada Puentes		Asdo. Julio Fernández Cermeño	

FOLLA DE PREZO XUSTO			
PARCELA Nº: 10			
PROPIETARIO: SOFÍA FIGUEROA LOSADA			
DOMICILIO: RUA DE BARRIO, Nº 59- MATAMA (VIGO)			
RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS			
UNIDADE	CONCEPTO	PREZO	IMPORTE €
218,00 m2	Terreo	28,57 €/m2	6.228,26 €
1,00 ud	Pino	20,37 ud	20,37 €
Suma			6.248,63 €
5% premio afección.....			312,43 €
Total valoración.....			6.562,06 €
Vigo, 17 de xaneiro de 2007			
O Técnico da Admón Xeral		O Director Adxunto de Xestión e Planeamento da Xerencia de Urbanismo	
Asdo. David Prada Puentes		Asdo. Julio Fernández Cermeño	

42(107).- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DE PAVIMENTADO DA TRAVESÍA DE VIGO (ENTRE RÚA BAILÉN E NUMANCIA). EXPTE. 352./443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador do Área de Servizos Xerais, do 31.01.07, que di o seguinte:

O proxecto de “PAVIMENTACIÓN DE LA TRAVESIA DE VIGO ENTRE BAILÉN Y NUMANCIA”, foi redactado pola Inxeñería Galaicontrol, S.A., e subscrito polo enxeñeiro de camiños, canales e portos D. Carlos López Román e polo enxeñeiro técnico de Obras públicas Emilio Otero Martínez, en enero de 2007.

O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a “PAVIMENTACIÓN DE LA TRAVESIA DE VIGO ENTRE BAILÉN Y NUMANCIA”.

O orzamento base de licitación ascende á cantidade de DOUSCENTOS SESENTA MIL EUROS (260.000,00 €).

O proxecto inclúe o correspondente estudo de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.

A documentación do proxecto se considera completa, tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño (B.O.E., 21-6-2000) do Regulamento Xeral, Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro (B.O.E., 26-10-2001) polo que se informa favorablemente e propónse a súa aprobación os efectos do control ordenado no artigo 128 da referida Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a seguinte:

PROPOSTA:

Aprobar tecnicamente o proxecto de “PAVIMENTACIÓN DE LA TRAVESIA DE VIGO ENTRE BAILÉN Y NUMANCIA”, cun orzamento total base de licitación de DOUSCENTOS SESENTA MIL EUROS (260.000,00 €).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

43(108).- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DE PAVIMENTADO DA RÚA POLICARPO SANZ E AVDA. DE GARCÍA BARBÓN (ATA A GLORIETA DE ISAAC PERAL). EXPTE. 353/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador do Área de Servizos Xerais, do 31.01.07, que di o seguinte:

O proxecto de “PAVIMENTACIÓN DE LA CALLE POLICARPO SANZ Y AVDA. GARCÍA BARBÓN HASTA LA GLORIETA ISAAC PERAL”, foi redactado pola Inxeñería E.F. Ingenieros, S.L, e subscrito polo enxeñeiro de camiños, canales e portos D. Eloy Fernández Valdés Martínez Estélez, en enero de 2007.

O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a “PAVIMENTACIÓN DE LA CALLE POLICARPO SANZ Y AVDA. GARCÍA BARBÓN HASTA LA GLORIETA ISAAC PERAL”.

O orzamento base de licitación ascende á cantidade de TRESCENTOS NOVENTA Y DOUS MIL SESENTA EUROS (392.060,00 Euros).

O proxecto inclúe o correspondente estudo de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.

A documentación do proxecto se considera completa, tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño (B.O.E., 21-6-2000) do Regulamento Xeral, Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro (B.O.E., 26-10-2001) polo que se informa favorablemente e propónse a súa aprobación os efectos do control ordenado no artigo 128 da referida Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a seguinte:

PROPOSTA:

Aprobar técnicaamente o proxecto de “PAVIMENTACIÓN DE LA CALLE POLICARPO SANZ Y AVDA. GARCÍA BARBÓN HASTA LA GLORIETA ISAAC PERAL”,, cun orzamento total base de licitación de TRESCENTOS NOVENTA Y DOUS MIL SESENTA EUROS (392.060,00 Euros).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

44(109).- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DE PAVIMENTADO DA RÚA SAGUNTO. EXPTE. 354/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador do Área de Servizos Xerais, do 31.01.07, que di o seguinte:

O proxecto de “PAVIMENTACIÓN DE LA CALLE SAGUNTO”, foi redactado pola Inxeñería Galaicontrol, S.A., e subscrito polo enxeñeiro de camiños, canales e portos D. Carlos López Román e polo enxeñeiro técnico de Obras públicas Emilio Otero Martínez, en enero de 2007.

O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a “PAVIMENTACIÓN DE LA CALLE SAGUNTO”.

O orzamento base de licitación ascende á cantidade de CORENTA Y OITO MIL SEISCENTOS EUROS (48.600,00 €).

O proxecto inclúe o correspondente estudo de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.

A documentación do proxecto se considera completa, tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola Lei de Contratos das Administración Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño (B.O.E., 21-6-2000) do Regulamento Xeral, Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro (B.O.E., 26-10-2001) polo que se informa favorablemente e propónse a súa aprobación os efectos do control ordenado no artigo 128 da referida Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a seguinte:

PROPOSTA:

Aprobar técnicaamente o proxecto de “PAVIMENTACIÓN DE LA CALLE SAGUNTO”, cun orzamento total base de licitación de CORENTA Y OITO MIL SEISCENTOS EUROS (48.600,00 €).

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda aprobar técnicaamente o proxecto de “PAVIMENTACIÓN DE LA CALLE SAGUNTO”, cun orzamento total base de licitación de CORENTA Y OITO MIL SEISCENTOS EUROS (48.600,00 €).

45(110).- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DE PAVIMENTADO DA RÚA PIZARRO. EXPTE. 355/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador do Área de Servizos Xerais, do 31.01.07, que di o seguinte:

O proxecto de “PAVIMENTACIÓN DE LA CALLE PIZARRO”, foi redactado pola Inxeñería Galaicontrol, S.A., e subscrito polo enxeñeiro de camiños, canales e portos D. Carlos López Román e polo enxeñeiro técnico de Obras públicas Emilio Otero Martínez, en enero de 2007.

O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a “PAVIMENTACIÓN DE LA CALLE PIZARRO”.

O orzamento base de licitación ascende á cantidade de CENTO OITENTA Y CATRO MIL EUROS (184.000,00 €).

O proxecto inclúe o correspondente estudo de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.

A documentación do proxecto se considera completa, tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola Lei de Contratos das Administración Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño (B.O.E., 21-6-2000) do Regulamento Xeral, Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro (B.O.E., 26-10-2001) polo que se informa favorablemente e propónse a súa aprobación os efectos do control ordenado no artigo 128 da referida Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a seguinte:

PROPOSTA:

Aprobar técnicamente o proxecto de “PAVIMENTACIÓN DE LA CALLE PIZARRO”, cun orzamento total base de licitación de CENTO OITENTA Y CATRO MIL EUROS (184.000,00 €).

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda aprobar técnicamente o proxecto de “PAVIMENTACIÓN DE LA CALLE PIZARRO”, cun orzamento total base de licitación de CENTO OITENTA Y CATRO MIL EUROS (184.000,00 €).

46(111).- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DE PAVIMENTADO DA RÚA PALENCIA. EXPTE. 356/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador do Área de Servizos Xerais, do 31.01.07, que di o seguinte:

O proxecto de “PAVIMENTACIÓN DE LA CALLE PALENCIA”, foi redactado pola Inxeñería Galaicontrol, S.A., e subscrito polo enxeñeiro de camiños, canales e portos D. Carlos López Román e polo enxeñeiro técnico de Obras públicas Emilio Otero Martínez, en enero de 2007.

O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a “PAVIMENTACIÓN DE LA CALLE PALENCIA”.

O orzamento base de licitación ascende á cantidade de TRINTA Y DOUS MIL EUROS (32.000,00€).

O proxecto inclúe o correspondente estudo de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.

A documentación do proxecto se considera completa, tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño (B.O.E., 21-6-2000) do Regulamento Xeral, Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro (B.O.E., 26-10-2001) polo que se informa favorablemente e propónse a súa aprobación os efectos do control ordenado no artigo 128 da referida Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a seguinte:

PROPOSTA:

Aprobar técnicamente o proxecto de “PAVIMENTACIÓN DE LA CALLE PALENCIA.”, cun orzamento total base de licitación de TRINTA Y DOUS MIL EUROS (32.000,00€).

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda aprobar técnicamente o proxecto de “PAVIMENTACIÓN DE LA CALLE PALENCIA.”, cun orzamento total base de licitación de TRINTA Y DOUS MIL EUROS (32.000,00€).

47(112).- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DE PAVIMENTADO DA RÚA NUMANCIA (ENTRE DR. CANOA E TRAVESÍA DE VIGO). EXPTE. 357/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador do Área de Servizos Xerais, do 31.01.07, que di o seguinte:

O proxecto de “PAVIMENTACIÓN DE LA CALLE NUMANCIA (ENTRE DOCTOR CANOA Y TRAVESÍA DE VIGO)”, foi redactado pola Inxeñería Galaicontrol, S.A., e subscrito polo enxeñeiro de camiños, canales e portos D. Carlos López Román e polo enxeñeiro técnico de Obras públicas Emilio Otero Martínez, en enero de 2007.

O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a “PAVIMENTACIÓN DE LA CALLE NUMANCIA (ENTRE DOCTOR CANOA Y TRAVESÍA DE VIGO)”.

O orzamento base de licitación ascende á cantidade de VEINTIUN MIL EUROS (21.000,00 €).

O proxecto inclúe o correspondente estudo de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.

A documentación do proxecto se considera completa, tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño (B.O.E., 21-6-2000) do Regulamento Xeral, Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro (B.O.E., 26-10-2001) polo que se informa favorablemente e propónse a súa aprobación os efectos do control ordenado no artigo 128 da referida Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a seguinte:

PROPOSTA:

Aprobar técnicaamente o proxecto de “PAVIMENTACIÓN DE LA CALLE NUMANCIA (ENTRE DOCTOR CANOA Y TRAVESÍA DE VIGO)”, cun orzamento total base de licitación de VEINTIUN MIL EUROS (21.000,00 €).

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda aprobar técnicaamente o proxecto de “PAVIMENTACIÓN DE LA CALLE NUMANCIA (ENTRE DOCTOR CANOA Y TRAVESÍA DE VIGO)”, cun orzamento total base de licitación de VEINTIUN MIL EUROS (21.000,00 €).

48(113).- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DE PAVIMENTADO DA RÚA COLÓN (ENTRE AREAL E POLICARPO SANZ). EXPTE. 358/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador do Área de Servizos Xerais, do 31.01.07, que di o seguinte:

O proxecto de “PAVIMENTACIÓN DE LA CALLE COLÓN (ENTRE ARENAL Y POLICARPO SANZ)”, foi redactado pola Inxeñería Galaicontrol, S.A, e subscrito polo enxeñeiro de camiños, canales e portos D. Carlos López Román e polo enxeñeiro técnico de Obras públicas Emilio Otero Martínez, en enero de 2007.

O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a “PAVIMENTACIÓN DE LA CALLE COLÓN (ENTRE ARENAL Y POLICARPO SANZ)”.

O orzamento base de licitación ascende á cantidade de CINCUENTA Y TRES MIL CUATROCIENTOS CINCUENTA EUROS (53.450,00 €).

O proxecto inclúe o correspondente estudo de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.

A documentación do proxecto se considera completa, tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño (B.O.E., 21-6-2000) do Regulamento Xeral, Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro (B.O.E., 26-10-2001) polo que se informa favorablemente e propónse a súa aprobación os efectos do control ordenado no artigo 128 da referida Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a seguinte:

PROPOSTA:

Aprobar técnicaamente o proxecto de “PAVIMENTACIÓN DE LA CALLE COLÓN (ENTRE ARENAL Y POLICARPO SANZ)”, cun orzamento total base de licitación de CINCUENTA Y TRES MIL CUATROCIENTOS CINCUENTA EUROS (53.450,00 €).

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda aprobar técnicaamente o proxecto de “PAVIMENTACIÓN DE LA CALLE COLÓN (ENTRE ARENAL Y POLICARPO SANZ)”, cun orzamento total base de licitación de CINCUENTA Y TRES MIL CUATROCIENTOS CINCUENTA EUROS (53.450,00 €)

49(114).- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DE PAVIMENTADO DA AVDA. CAMELIAS RÚA LÓPEZ MORA (ENTRE ALVARO CUNQUEIRO E PRAZA DE AMÉRICA). EXPTE. 359/443.

A Xunta de Goberno local retira este expediente a pedimento do concelleiro Sr. Comesaña Abalde.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

50(115).- EXPEDIENTE PARA A RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO MERCADO DO PROGRESO DE VIGO .

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

ANTECEDENTES:

Mediante resolución de 11 de setembro de 2006 a Xunta de Goberno Local visto o informe proposta que consta no expediente, e previo trámite de audiencia, acordou resolver o contrato de concesión administrativa de xestión e explotación do Mercado do Progreso outorgada por acordo de 31 de marzo de 2003 á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo.

Formuladas alegacións por Dª Lourdes Gil Moure, en nome e representación da Asociación concesionaria, e efectuada proposta para resolver e para elevar ó Consello Consultivo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, visto o informe de Intervención de data 28 de decembro, mediante acordo de data 29 de decembro acorda declarar a caducidade do procedemento de resolución e ter por iniciado novo expediente para os mesmos fins, é dicir, para a resolución do contrato de concesión administrativa. A resolución fundaméntase nas mesmas razóns sinaladas no acordo de 11 de setembro de 2006 e no informe-proposta que se cita nese acordo.

Notificado o novo acordo á Asociación interesada en data de 16 de xaneiro de 2007, Dª Lourdes Gil Moure mediante escrito que ten entrada no Concello en data de 27 de xaneiro formula oposición á pretensión municipal.

En data de 31 de xaneiro do presente ano o técnico de Administración Xeral emite o informe-proposta que de seguido se transcribe.

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Código Civil.*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local (LBRL).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG).*
- *Real Decreto-Lei 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).*
- *Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións públicas, aprobado polo Real Decreto*

Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño (LCAP).

- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL).
- Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado por Decreto 2414/1961, de 30 de novembro (RAMINP).
- Decreto 2183/1968, de 16 de agosto, polo que se aprueba a aplicación do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado por Decreto 2414/1961, de 30 de novembro, en zonas de dominio público e sobre actividades executables por organismos oficiais.
- Texto Refundido do Regulamento Municipal dos Mercados Municipais, aprobado por acordo do Pleno do Excmo. Concello de Vigo de 14 de marzo de 1994 (RMMM).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 29 de decembro de 2006, aproba a proposta da Técnica de Administración Especial deste Concello, de declarar a caducidade do procedemento de resolución do contrato de xestión do servizo público do Mercado do Progreso iniciado pola Xunta de Goberno Local, órgano de contratación, en data 11 de setembro e ter por iniciado novo expediente para a resolución do contrato citado adxudicados por acuerdo plenario de 31 de marzo de 2003 á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado O Progreso de Vigo, polos motivos, fundamentos xurídicos que constan no informe-proposta de data 13.07.2006 da técnica de Administración Xeral transcritos no acordo adoptado.

Segundo.- En trámite de audiencia, D^a. Lourdes Gil Moure, en nome e representación da Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado O Progreso de Vigo, presenta, con data 27 de xaneiro de 2007, escrito formulando alegacións ó citado acordo da Xunta de Goberno Local de 29 de decembro de 2006.

FUNDAMENTOS JURÍDICOS

I -

Nas dúas primeiras alegacións do seu escrito, a Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado O Progreso de Vigo manifesta que o Concello tería perfecto coñecemento da existencia dun aparcamento dentro das instalacións do mercado obxecto da concesión, dado que o mesmo foi explotado tanto pola Administración municipal cando xestionaba directamente o servizo de mercado, como pola Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado Municipal do Progreso de Vigo, adxudicataria da concesión para a xestión e explotación do citado mercado por acordo plenario do Concello de Vigo de 31 de agosto de 1994, trala modificación da forma de xestión dos mercados municipais, acordada polo Pleno del Concello na sesión ordinaria de 30 de novembro de 1993, pasando de xestión directa a indirecta mediante concesión administrativa.

Como proba deste dato, adxuntan copia de dúas sentenzas: a primeira, da Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de data 23 de xaneiro de 1997, que declara nulo o acordo plenario de adxudicación da concesión para a xestión e explotación do mercado do Progreso a favor da Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado Municipal do Progreso de Vigo, por non acharse ésta ó corrente das obrigas contraídas coa Seguridade Social en relación ó traballador D. Manuel Gil Gil, ó que tiña contratado de facto como vixiante do estacionamento; e a segunda, do Tribunal Supremo, de data 17 de maio de 2003, pronunciada en recurso de casación 5124/1997, confirmando o anterior fallo.

Nembargantes, o feito de que nas instalacións do mercado exista un aparcamento e que se contrate a unha persoa para prestar servizos de vixilancia no mesmo no presupón o que se esté efectuando a súa explotación comercial.

Parece fundamental para garantir a seguridade no inmovible o que se presten servizos de vixiancia no mesmo, tanto nas plantas destinadas a mercado, como nas destinadas a aparcamento. Neste sentido, o Regulamento Municipal dos Mercados Municipais establece, como una das obrigacións do concesionario, o prestar servizos de vixiancia. Así, dispón o artigo 3 que “nos mercados se prestarán os servizos de administración, vixiancia e limpeza con persoal capacitado, por conta exclusiva do concesionario, podendo éste contratar ditos servizos con empresas prestadoras dos mesmos”.

Durante os anos en que o Excmo. Concello de Vigo xestionou o servizo de mercado directamente non se explotou comercialmente o aparcamento do mesmo, senón que se utilizaba para realizar a descarga de mercaderías, fundamentalmente productos cárnicos, e para servizo dos usuarios.

No período de xestión do mercado por parte da Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado Municipal do Progreso de Vigo, a Administración municipal, a pesares do que manifesta a alegante, non tivo coñecemento en ningún momento da explotación comercial do aparcamento. Dado que o obxecto da concesión outorgada a esta asociación era “a explotación dos mercados municipais minoristas destinados á venda de productos alimenticios e os seus derivados no termo municipal de Vigo”, segundo reza o Prego de condiciones que rexe a concesión de xestión e explotación dos mercados municipais, a explotación comercial do aparcamento, que suporía unha modificación do obxecto do contrato non pode ser acordada unilateralmente polo concesionario, tal como se deduce dos artigos 59, 101 e 163 LCAP, senón que debe ser solicitada da Administración concedente, non constando neste Concello ningunha solicitude neste sentido. Así mesmo, esta explotación comercial do aparcamento sería unha actividade sometida ó RAMINP en virtude do disposto no artigo 1 do Decreto 2183/1968, que somete ó RAMINP “cantos establecementos, almacéns, instalacións e actividades potencialmente productoras de efectos perniciosos para a hixiene e seguridade ambiental que sexan exercidas ou estén ubicadas por particulares ou empresas privadas en zonas ou terreos de dominio público ... toda instalación, apertura e funcionamento en terrenos ou zonas de dominio público de actividades particulares susceptibles de producir incomodidades ou de alterar as condicións normais de salubridade e hixiene do medio ambiente, ou que impliquen riscos graves para as persoas ou os bens, requerirá a previa licencia, sen prexuízo dos actos de autorización ou concesión de que deban proveerse os titulares de tales actividades en orde á ocupación ou aproveitamento sobre as mencionadas zonas ou parcelas de dominio público e demais autorizacións estatais en vigor”, e non consta nesta Administración ningunha solicitude dunha licencia para a apertura e funcionamento dun aparcamento explotado comercialmente nas instalacións do mercado. Nin se solicitou a aprobación da tarifa a cobrar ós usuarios, como sería preceptivo en virtude do artigo 115.6 RSCL. E por último, tampouco consta ningunha denuncia sobre o funcionamento irregular dun aparcamento nas instalacións del mercado do Progreso. Á vista destes datos, podemos concluir que non existe ningún dato obxectivo que probe o coñecemento por parte do Concello da explotación comercial do citado aparcamento ata a denuncia efectuada por D. Carlos Diéguez Otero, en nome e representación de Carlos Diéguez e Outros, empresa propietaria do Parking Progreso, mediante escrito de 24 de febreiro de 2006, data en que o titular da concesión era a Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado O Progreso de Vigo. Unha vez que houbo indicios de que o aparcamento non era utilizado exclusivamente para dar servizo ós usuarios do mesmo de xeito gratuito, no marco do expediente informativo aberto por causa das irregularidades detectadas na explotación do mercado, solicitouse informe á empresa que prestaba nese momento os servizos de vixiancia e control no aparcamento, Porteros e Controladores S.L., a cal confirmou o dato da explotación comercial do mesmo e puxo a disposición da Administración municipal a recadación pendente de entrega á concesionaria, Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado O Progreso de Vigo, no momento en que o Excmo. Concello de Vigo houbo acordado, mediante resolución da Xunta de Goberno Local de data 10 de marzo de 2006, asumir temporalmente a xestión directa do mercado para garantir a continuidade na prestación do servizo, cantidade que foi depositada pola

Tesourería municipal nunha conta bancaria a resultas da finalización do presente procedemento.

Apórtase tamén como proba deste presunto coñecemento por parte da Administración municipal da explotación comercial do aparcamento do mercado, unha copia dunha circular (Doc. Nº 4) na que se establecen as cotas mensuais pola utilización do aparcamento e un resguardo de ingreso de dita cota. Nembargantes, tal circular foi distribuída pola concesionaria, Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado Municipal do Progreso de Vigo, ós titulares dos postos do mercado, pertence á órbita das relacións entre o concesionario e os usuarios do mercado e non había sido facilitada ó Concello no seu momento.

Finalmente indican que os documentos 6 e 7 do escrito de alegación referidos a copias de diversas páxinas web alleas ó Concello nas que se menciona a existencia de tal aparcadoiro nada proban do aludido “perfecto coñecemento”, que no seu día tivo o Concello de Vigo respecto da explotación comercial do aparcadoiro por parte da anterior concesionaria. En efecto, é obvio que esta Administración Municipal non ven obrigada a coñecer o contido de páxinas web alleas a súa estrutura e organización.

A Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado O Progreso de Vigo conclue estas primeiras alegacións manifestando que se limitou a continuar xestionando as instalacións entregadas en similares condicións á anterior. Máis, de resultar certo que a Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado Municipal do Mercado do Progreso de Vigo incumpríu as súas obrigas contractuais durante o tempo en que foi titular da concesión administrativa para a xestión e explotación do mercado do Progreso, elo non exime á actual concesionaria do cumprimento das súas. E se os membros da actual asociación concesionaria, como usuarios do mercado na súa condición de titulares de postos no mesmo durante o período de xestión da anterior, coñeceron no seu momento estes feitos, deberon denuncialos ante esta Administración e non interpretar que o descoñecemento era mera tolerancia e aproveitar tal circunstancia para xustificar os sus actuais incumprimentos contractuais.

- II -

Na alegación terceira, a Sra. Gil comeza transcribindo o acordo plenario de data 31 de marzo de 2003, no que se resolve adxudicar á Asociación que representa a concesión do servizo público de mercado, en execución da senteza citada na alegación primeira e manifesta que, nin no prego de condicións, nin no documento administrativo suscrito, nin no Regulamento municipal de Mercados Municipais se regula nada acerca da explotación do aparcamento incluído dentro das instalacións do mercado obxecto de concesión, nin se exige ningunha condición. Continúa transcribindo a cláusula 1.3 do Prego de condicións administrativas que rexe a concesión segundo a cal “a totalidade das edificacións e instalacións de propiedade municipal existentes no momento do outorgamento da concesión ó adjudicatario se lle ceden en uso no seu estado actual ...” do que se deduce que se cede o aparcamento en pleno funcionamento dentro do propio mercado formando un todo, sen que conste nin se esixa en ningún momento licencia de actividade, e conclue dicindo que se limitou a xestionar o servizo nas condicións estipuladas, sen contravir ningunha cláusula.

Parte a Sra. Gil dun erro de interpretación posto que, se ben é certo que o aparcadoiro forma parte do inmovible obxecto da concesión, non o é menos que unha cousa é a súa utilización polos usuarios do mercado, sen que o concesionario se lucre con elo, e outra moi diferente a súa explotación comercial. O prego non fai ningunha referencia á explotación do aparcadoiro porque a intención da Administración municipal era outorgar unha concesión única e exclusivamente para a xestión e explotación dun mercado, non dun aparcadoiro público, neste sentido establece o prego que “constitue o obxecto da presente concesión administrativa de servizo a explotación dos mercados municipais minoristas destinados á venda de produtos alimenticios e os seus derivados no termo

municipal de Vigo”. De acordo co artigo 1 do Decreto 2183/1968, xa citado no fundamento I e que damos aquí por reproducido, para explotar o aparcadoiro é preciso obter previa licenza de actividade ó amparo do RAMINP, e elo sen prexuízo da autorización ou concesión para o aproveitamento do dominio público. Polo tanto, por imperativo legal, o ser titular dunha concesión administrativa para explotar un bien de dominio público, neste caso un mercado, non exime do deber de obter a licenza de actividade nin calesqueira outras autorizacións esixibles de acordo coa lexislación aplicable. A concesión ríxese, ademais de polas cláusulas establecidas no prego de condicións, pola lexislación vixente, e o concesionario non pode xustificar a súa desobediencia ás normas no obvio silencio do prego sobre determinadas cuestións. O artigo 4 LCAP dispón que “A Administración poderá concertar os contratos, pactos e condicións que teña por conveniente, sempre que no sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración”, polo tanto un prego de condicións non pode eximir ás partes en ningún caso do cumprimento da legalidade vixente, pois de ser así resultaría nulo de pleno dereito conforme ós artigos 62 LRJAP e 62 LCAP. O feito de que o concesionario ignorase a necesidade de solicitar as licenzas preceptivas non xustifica o seu incumprimento, pois é efecto esencial das normas xurídicas enxendrar o deber xurídico do seu cumprimento, de observancia das previsións contidas nela. O artigo 6 do Código Civil consagra a regra da inexcusabilidade do cumprimento das leis dicindo que “a ignorancia das leis non excusa do seu cumprimento”.

- III -

A alegación cuarta límitase a facer referencias xenéricas ó requisito da necesidade de determinación do obxecto contractual, ó alcance da prerrogativa da Administración de interpretar os contratos consagrada no artigo 59 LCAP, e recolle unha sentenza do Tribunal Supremo sobre o alcance da facultade da Administración contratante de resolver os contratos válidamente subscritos por ela. Tras o cal, conclúe afirmando que “non se demostrou que a Asociación concesionaria mostre unha vontade deliberadamente rebelde nin moito menos culposa en orde a incumprir o contrato subscrito. Por todo o que, non existe ningún incumprimento do contrato nin alteración do mesmo que posibilite a súa resolución”. Sen prexuízo de remitirnos ós fundamentos I e II deste informe debemos dicir que a alegación é inconsistente dende calquera punto de vista. Foi precisamente o deliberado silencio, a actuación calada da concesionaria na explotación comercial e lucrativa do aparcadoiro a grave conducta que facilitou e posibilitou o seu uso neste sentido, comportamento adoptado á marxe e sen coñecemento desta Administración que, cando é consciente do mesmo arbitra, como non pode ser doutro modo, os medios legais para evitalo.

- IV -

Na alegación quinta a Sra. Gil pon de relevo a suposta falta de colaboración da Administración municipal coa asociación que representa en orde ao cumprimento do contrato, faltando así á súa obrigaón de outorgarlle a protección adecuada para a prestación do servizo, o que considera un “manifesto abuso de dereito” (pax. 12 parágrafo primeiro). Neste sentido, considera que o Concello primeiro ofreceu resistencia a executar a sentenza que impoñía o outorgamento da concesión á devandita asociación, e despois, unha vez outorgada, e ante a negativa dos membros da Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado Municipal do Progreso de Vigo, anterior concesionaria, a abonar as cotas correspondentes ao aluguer dos postos de que son titulares, o que ha imposibilitado á concesionaria xestionar debidamente o mercado, non procedeu a incoar os correspondentes expedientes sancionadores nin de desahucio, tal e como se solicitou pola concesionaria e agora, para rematar, pretende resolver o contrato en fraude de lei co obxecto de incumprir a mencionada sentenza.

Imputa a concesionaria a esta Administración o cometer “manifesto abuso de dereito” por faltar á súa obrigaón de outorgarlle a protección adecuada para a prestación do servizo, e fundamenta este incumprimento no feito de

non atender á súa petición de incoación de expedientes sancionadores e de desahucio contra os titulares de postos que habían incumprido a súa obrigaón de pago de cotas. O certo é que a Administración municipal antes de adoptar medidas sancionadoras e dadas as irregularidades detectadas na xestión do mercado, procedeu primeiro a tramitar un expediente informativo para verificar a realidade dos feitos denunciados pola concesionaria, e unha vez constatado o impago de cotas polos titulares dalgúns dos postos, incoáronse os correspondentes expedientes sancionadores e requiriuse o pago das cotas atrasadas aos morosos. Aínda máis de resultar certo este presunto incumprimento por parte da Administración municipal, en ningún caso a conduta podería cualificarse de abuso de dereito. O artigo 7.2 do Código Civil, logo de proclamar que “a lei non ampara o abuso do dereito ou o exercizo antisocial do mesmo” conceptúa como tal “todo acto ou omisión que pola intención do seu autor, polo seu obxecto ou polas circunstancias en que se realice exceda manifestamente límites normais do exercicio dun dereito”, e, a xuízo do informante, non existe ningunha relación entre un suposto incumprimento contractual e o exercizo abusivo ou antisocial dun dereito, polo que habemos de concluír afirmando que de resultar probado o incumprimento da Administración non reuniría os requisitos esixidos pola lexislación e a jurisprudencia do Tribunal Supremo para ser considerado abuso de dereito. Así, o alto tribunal, en sentenza de 14 de febreiro de 1944, recolle os seguintes requisitos que, dados conjuntamente, tipifican un abuso do dereito:

1º.- Uso dun dereito.

2º.- Dano a un interese non protexido por unha específica prerrogativa xurídica.

3º.- Inmoralidad ou antisocialidad do dano manifestada en forma subjetiva (cando o dereito actúase coa intención de prexudicar ou, sencillamente sen un fin serio e legítimo) ou baixo forma obxectiva (cando o dano provén dun exceso ou anormalidad no exercicio do dereito).

Requisitos que non concorren no caso que nos ocupa.

Así mesmo, impútase a esta Administración a intención de resolver o contrato en fraude de lei, co obxecto de incumprir a sentenza que a obriga a outorgar a concesión administrativa de xestión e explotación do Mercado do Progreso á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado O Progreso de Vigo. De novo, parte esta asociación dun erro de cualificación. A Administración, ao acordar a resolución dun contrato, prerrogativa que lle outorga o artigo 59 LCAP, non elude o cumprimento dunha sentenza xudicial, sentenza que xa se executou no momento por acordo plenario de 31 de marzo de 2003 outorgouse a concesión á mencionada asociación, acordo que se fixo efectivo en agosto de 2004, unha vez que se houbo formalizado en documento administrativo e fíxose entrega das instalacións do mercado á asociación alegante para a súa xestión e explotación. De todos os xeitos, o fraude de lei implica a vulneración dunha norma imperativa ou prohibitiva oblicuamente. Realízase un determinado acto ou actos co propósito de conseguir o resultado que prohibe aquela norma, ao amparo doutra norma diferente. Establece o artigo 6.4 do Código Civil que “os actos realizados ao amparo do texto dunha norma que persigan un resultado prohibido polo ordenamento xurídico, ou contrario a el, consideraranse executados en fraude de lei e non impedirán a debida aplicación da norma que se tratou de eludir”. O Concello en ningún caso tratou de eludir o cumprimento de ningunha norma, simplemente, unha vez constatado un incumprimento por parte do contratista das súas obrigaóns contractuais esenciais, dado que iso atenta aos intereses públicos cuxa protección ten encomendada e que supón unha causa de resolución do contrato conforme ao artigo 111.g LCAP, pretende resolver o mesmo, tal e como lle autoriza o artigo 59 LCAP.

-V-

Admítase a proba documental proposta pola alegante no seu escrito de data 29 de xaneiro e, en consecuencia,

incorpóranse ó expediente os certificados solicitados e demais documentación.

-VI.-

A competencia para a resolución deste procedemento correspóndelle á Xunta de Goberno Local, conforme ao disposto no artigo 127.1.f LBRL.

En virtude do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vigente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Desestimar as alegacións formuladas por Dª. Lourdes Gil Moure, en nome e representación da Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado O Progreso de Vigo, mediante escrito de data 27 de xaneiro de 2007, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 29 de decembro de 2006, polo que se establece a resolución do contrato de concesión administrativa de xestión e explotación do Mercado do Progreso de Vigo, dado que estas alegacións non desvirtúan o disposto nos fundamentos xurídicos que constan no devandito acordo, mantendo este nos seus propios e estritos termos.

2º.-Dada a oposición formulada pola parte contratista instar á Alcaldía ó abeiro do sinalado nos artigos 12.2 da Lei 9/1995, de 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia, 46.1 do seu Regulamento e 109.1.d) do R.D. 1098/2001, de 12 de outubro a petición de dictame preceptivo ó CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA con referencia á resolución contractual acordada.”

En data de 1 de febreiro do presente ano o Titular da Asesoría Xurídica emite o informe xurídico cumprimentando con elo o sinalado no artigo 59.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, o informe conclúe indicando que a proposta formulada é axustada a dereito.

Votación e acordo: A Xunta de Goberno, por unanimidade dos seus membros, resolve de conformidade co informe-proposta de data 31 de xaneiro que consta no expediente e que queda transcrita nos antecedentes desta resolución e, en consecuencia, acorda:

“1º.- Desestimar as alegacións formuladas por Dª. Lourdes Gil Moure, en nome e representación da Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado O Progreso de Vigo, mediante escrito de data 27 de xaneiro de 2007, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 29 de decembro de 2006, polo que se establece a resolución do contrato de concesión administrativa de xestión e explotación do Mercado do Progreso de Vigo, dado que estas alegacións non desvirtúan o disposto nos fundamentos xurídicos que constan no devandito acordo, mantendo este nos seus propios e estritos termos.

2º.-Dada a oposición formulada pola parte contratista instar á Alcaldía ó abeiro do sinalado nos artigos 12.2 da Lei 9/1995, de 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia, 46.1 do seu Regulamento e 109.1.d) do R.D. 1098/2001, de 12 de outubro a petición de dictame preceptivo ó CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA con referencia á resolución contractual acordada.”

51(116).- PROXECTO DE SUBSTITUCIÓN DA INSTALACIÓN DE PLUVIAIS DO INTERIOR E EXTERIOR DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DO BERBÉS.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta do coordinador da Área de Servizos Xerais, do 2.02.07, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto de substitución da instalación de pluviais do interior e exterior do pavillón polideportivo do Berbés, cun presuposto de 29.713,75 IVE engadido, redactado polo arquitecto municipal D. Juan L. Piñeiro Ferradás.

52(117).- PROXECTO MODIFICADO SEN INCREMENTO ECONÓMICO DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DE REPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO DA CUBERTA E FACHADAS DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DO BERBÉS.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta do coordinador da Área de Servizos Xerais, do 2.02.07, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto “Modificado sen incremento económico do proxecto de execución de reparación e acondicionamento da cuberta e fachadas do pavillón polideportivo do Berbés, no Concello de Vigo”, redactado polo arquitecto municipal D. Juan L. Piñeiro Ferradás.

53(118).- PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE CENTRO SOCIOCULTURAL “AFEIRA” PARROQUIA DE CABRAL, CONCELLO DE VIGO. EXPTE.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do coordinador de Área de Servizos Xerais, do 23.02.07, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o resumo das medicións e presuposto do proxecto básico e de execución de Centro Sociocultural “A Feira” parroquia de Cabral, redactado polo arquitecto municipal, Juan Luis Piñeiro en xaneiro de 2007, que reúne nun único documento o que non proxecto orixinal, do arquitecto Enrique Urdiales de Santiago, se contempla en dúas fases (fases 1ª e fase 2ª); así como, as partidas que actualmente están pendentes de execución da 1ª fase.

2º.- Remitir o resumo do proxecto básico e de execución do centro Sociocultural “A Feira” parroquia de Cabral, redactado polo arquitecto municipal, Juan Luis Piñeiro en xaneiro de 2007, á Deputación Provincial para a súa licitación.

54(119).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE MESTURAS BITUMINOSAS E EMULSIÓNS PARA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 51378/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 24.01.07, dáse conta do informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, do 15.01.07, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, o concelleiro delegado de Vías e Obras e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Con data 22 de decembro de 2006 o Xefe do servizo de Vías e Obras emite un informe sobre a necesidade de adianta-la prórroga do contrato de subministro de mesturas bituminosas para o normal funcionamento das brigadas de traballo de mantemento e conservación de camiños e outras vías públicas para o ano 2007, indicando que os produtos a adquirir son os mesmas que para o ano 2006 e que figuran no contrato de aluguer existente entre o Concello e Sercocysa Galicia, S.A.

A Comisión de Goberno Municipal en sesión do 152/04/2006 acordou adxudicar a Sercocysa Galicia, S.A. o subministro de mesturas bituminosas para o servizo de Vías e Obras nos termos establecidos nos pregos que serviron de base para o procedemento de contratación, e por un importe de 400.000,00 € para o primeiro ano de contrato, cunha baixa dun 27,25 % sobre os prezos que figuran na lista anexa ó prego de prescricións técnicas e co correspondente incremento do IVE , resultando, salvo erros, os presentados na lista da oferta (IVE engadido)

Con data 10 de agosto de 2006 formalizose o contrato de subministro de mesturas bituminosas para o servizo de Vías e Obras do Concello de Vigo con Seroysa Galicia, S.A. de acordo coas condicións da adxudicación de dito aluguer .

Con data 6 de novembro de 2006 a Xunta de Goberno Local aprobou a modificación do contrato de subministro de mesturas bituminosas con Sercocysa Galicia, S.A., ampliando o importe do mesmo ata 500.000,00 €

O prego aprobado, na súa clausula III. DURACIÓN DO CONTRATO di que o contrato terá vixencia de un ano a contar dende o día seguinte a aquel no que se asine o contrato en documento administrativo, e rematando ese período poderase prorrogar, previo acordo do órgano de contratación, por un ano máis

A vista do documento emitido polo subministrador, “ Sercosya Galicia, S.A. ” de data 10 de xaneiro de 2007 ó respecto da prórroga do Contrato, no que indica que respecta os prezos dos produtos a subministrar que rixen para o contrato actual, respetando asimesmo as condicións do aluguer tal como figura no mesmo. Este servizo de Vías e Obras, faille á Comisión de Goberno Municipal a seguinte proposta:

PROPOSTA :

1º.- Prorroga-lo contrato de subministro de mesturas bituminosas para o servizo de Vías e Obras do Concello de Vigo con Sercosya Galicia, S.A., por un ano, nas mesmas condicións que figuran no contrato actual e por un importe de 500.000,00 €

2º.- Financia-lo contrato con cargo a partida 5110.210.00.00 “ conservación e mantemento de viais públicos ” do presuposto do servizo de Vías e Obras para o exercicio presupostario 2007, prorrogado do 2006

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

55(120).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE ALUGUER DE MAQUINARIA PARA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 51377/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 24.01.07, dáse conta do informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, do 15.01.07, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, o concelleiro delegado de Vías e Obras e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Con data 22 de decembro de 2006 o Xefe do servizo de Vías e Obras emite un informe sobre a maquinaria a alugar para o normal funcionamento das brigadas de traballo de mantemento e conservación de camiños e outras vías públicas para o ano 2007, indicando que as máquinas previsto alugar son as mesmas que para o ano 2006 e que figuran no contrato de aluguer existente entre o Concello e Sercosya Galicia, S.A.

A Comisión de Goberno Municipal en sesión do 22/04/2006 acordou adjudicar a Sercosya Galicia, S.A. o aluguer da maquinaria para o servizo de Vías e Obras nos termos establecidos nos pregos que serviron de base para o procedemento de contratación, e por un importe de 210.000,00 € para o primeiro ano de contrato, cunha baixa dun 24,50 % sobre os prezos que figuran na lista anexa ó prego de prescricións técnicas e co correspondente incremento do IVE , resultando, salvo erros, os presentados na lista da oferta (IVE engadido)

Con data 27 de xuño de 2006 formalizose o contrato de aluguer de maquinaria para o servizo de Vías e Obras do Concello de Vigo con Sercoysa Galicia, S.A. de acordo coas condicións da adxudicación de dito aluguer .

Con data 6 de novembro de 2006 a Xunta de Goberno Local aprobou a modificación do contrato de aluguer de maquinaria con Sercoysa Galicia, S.A., ampliando o importe do mesmo ata 250.000,00 €

O prego aprobado, na súa cláusula II.. DURACIÓN DO CONTRATO di que o contrato terá vixencia de un ano a contar dende o día seguinte a aquel no que se asine o contrato en documento administrativo, e rematando ese período poderase prorrogar, previo acordo do Órgano de contratación, por un ano máis

A vista do documento emitido polo subministrador, “ Sercoysa Galicia, S.A. ” de data 10 de xaneiro de 2007 ó respecto da prórroga do Contrato, no que indica que respecta os prezos da maquinaria serán os mesmos que rixen para o contrato actual, respetando asimismo as condicións do aluguer que figuran no mesmo. Este servizo de Vías e Obras, faille á Comisión de Goberno Municipal a seguinte proposta:

PROPOSTA :

1º.- Prorroga-lo contrato de aluguer de maquinaria para o servizo de Vías e Obras do Concello de Vigo con Sercoysa Galicia, S.A., por un ano, nas mesmas condicións que figuran no contrato actualmente vixente e por un importe de 250.000,00 €

2º.- Financia-lo contrato con cargo a partida 5110.203.00.00 “ aluguer de maquinaria ” do presuposto do servizo de Vías e Obras para o exercicio presupostario 2007, prorrogado do 2006

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

56(121).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DAS CONCELLERÍAS DE DISTRITO DURANTE O PRIMEIRO SEMESTRE DO ANO EN CURSO. Expte. 3829/101.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o documento contable RC acreditando a existencia de saldo suficiente para o gasto que se propón realizar e de acordo co informe-proposta do xefe de Protocolo e Relacións Públicas do 25.01.07, conformado polo concelleiro da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar a cada unha ds Concellerías de Distrito núms. 4, (María Soledad Polo Lima), e 6 e 7 (José Manuel Couto Pérez), a cantidade de 300 € mensuais (total 600 euros as dúas concellerías, o que fai un

total de 3.600 €) en concepto de gastos de locomoción, para os seis primeiros meses do ano en curso, con efectos do primeiro de xaneiro, e isto con cargo á P. 111.0.231.00.00 (Locomoción) do vixente presuposto prorrogado.

57(122).- CONTRATACIÓN LABORAL POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS AUXILIARES ADMINISTRATIVOS. Expte. 17048/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2.02.07, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización da Unidade de Persoal, do 2.02.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, que di o seguinte:

Con datas 25 de xaneiro de 2007, o Titular da Asesoría Xurídica Municipal solicita a contratación extraordinaria de persoal para o reforzo do seu servizo, alegando a acumulación de traballo pendente naqueles asuntos nos que os prazos son menos perentorios.

Asi mesmo, con data 31 de xaneiro de 2007, a auxiliar administrativa D^a. Mercedes Vázquez Barreiro, contratada por acumulación de tarefas e adscrita ó Servizo de Cultura dende o 16 de xaneiro anterior, solicita a súa renuncia voluntaria por tomar posesión doutra praza na Xunta de Galicia.

Según instrucción de servizo do concelleiro-delegado da area de Xestión Municipal de data 1 de febreiro pasado, por parte do Servizo de persoal procederase a tramitación do expediente correspondente para a contratación urxente de dous/dúas auxiliares administrativos/as, para o reforzo dos referidos Servizos.

Nas Bases da derradeira oferta de emprego público correspondente ó ano 2002 (BOP de 5 de maio de 2003), preveíase expresamente na Base xeral “outras disposicións comúns”, a posibilidade de confeccionar unha lista de substitucións cos aspirantes que, non superando a oposición, tivesen aprobado os distintos exercicios de que constou aquela.

Por resolución da Alcaldía-Presidencia, de data 12 de febreiro de 2004, en execución do acordo da Xunta de Goberno Local, de 9 de febreiro anterior, resolveuse o nomeamento interino de sete auxiliares de administración xeral, polo que neste intre a referida lista atópase esgotada, o igual que as listas de persoal auxiliar de carácter temporal realizadas ata a data.

Nembargantes, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 4 de setembro de 2006, acordou a contratación de tres auxiliares administrativos por acumulación de tarefas, para o Servizo de Administración de Tributos e Dirección de Ingresos. No referido acordo e toda vez que non existía ningunha lista de substitucións autorizábase solicitar o Servizo Galego de Colocación unha oferta xenérica para a selección dun/dunha auxiliar administrativo/a, dentre dos 20 candidatos/as previamente remitidos a través dunha proba de carácter informático.

Constituída a Comisión de Valoración para a realización da referida proba e segundo se desprende da acta da referida Comisión de data 17 de novembro de 2006, foron propostas D^a. Aranzazu Díez Nogueira e D^a Marta Sánchez Méndez, aspirantes que aprobaron o exercicio e obtiveron as máximas cualificacións, sendo contratadas por Resolución do concelleiro-delegado da área de xestión municipal de data 20 de novembro pasado. Asimesmo, a Xunta de Goberno Local en datas 29 de decembro de 2006 e 8 de xaneiro de 2007 autorizou a contratación dos catro seguintes aspirantes da lista D. Carlos Yáñez Iglesias, D^a. Lorena Ferreira Extremadouro, D^a. Ana María Álvarez Álvarez e D^a. Mercedes Vázquez Barreiro.

Asimesmo, con data 31 de xaneiro de 2007, a auxiliar administrativa D^a. Mercedes Vázquez Barreiro, que figura no anterior parágrafo e que fora contratada con data 16 de xaneiro de 2007 por acumulación de tarefas, presentou a súa renuncia por mellora de emprego, sendo necesaria a súa substitución.

De conformidade co disposto no artigo 9.2 da lei 4/88, de 26 de maio da Función pública de Galicia, a selección de persoal laboral efectuarase de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso ou concurso-oposición libre.

Nembargantes, e consonte ó parágrafo 3^o do mesmo artigo poderase tamén contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente, para a realización de traballos de carácter temporal e coxuntural por razóns de necesidade ou urxencia, debidamente motivadas.

Ó abeiro do disposto no artigo 35 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se establece o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do estado, de aplicación supletoria para o persoal da Administración local (artigo 1.3), poderáse proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo.

O procedemento selectivo para a contratación de persoal laboral non permanente carece dunha regulamentación legal específica, non séndolle de aplicación os requisitos formais establecidos nos artigos 28 a 33 do RD 364/95, por canto se refiren exclusivamente á cubrición de postos reservados ó persoal laboral fixo de novo ingreso, isto e, aqueles que figuran incluídos no cadro de persoal (artigo 15.1.f) da Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública), e que deben formar parte da oferta de emprego público.

Nembargantes, o procedemento selectivo que ós efectos oportunos se aprobe polo órgano de contratación deberá ser respetuoso en todo caso cos principios de mérito e capacidade, tal e como dispón o artigo 35 do RD 364/95 .

Por esta razón, o artigo 249.1 da lei autonómica 5/97, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, prevé que o proceso selectivo do persoal laboral será con carácter xeral o concurso, excepto nos casos de urxencia.

Asi mesmo, lei 56/03, de 16 de decembro, de emprego, configura ós servizos autonómicos de emprego, como un servizo público e gratuito, que terá como funcións, axudar ós traballadores ó encontro de emprego e ás empresas á contratación dos mesmos, todo elo a través dunha selección obxectiva daqueles candidatos que figuren inscritos no rexistro de ofertas de emprego.

A modalidade contractual que se considera oportuno elixir -contrato por acumulación de tarefas-, esta definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade

normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro), e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

Toda vez que por Resolución do concelleiro-delegado da area de xestión Municipal de data 20 de novembro pasado e acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de decembro pasado, foron contratados os seis primeiros aspirantes propostos pola Comisión de Valoración, procedería a contratación dos seguintes dous aspirantes da referida lista, que resultan ser D. JOSE FRANCISCO ALVAREZ MARTINEZ, NIF.36.015.224-F e D^a. MARGARITA CASAS GARRIDO, NIF.36.033.604-X, o/a cales aceptaron expresamente, mediante escritos de 01 de febreiro pasado, optar á referida contratación laboral-temporal, toda vez que a aspirante D^a. Olalla Maquieira Costas, NIF.36.11.14-L, que obtivera o posto nº 8 na referida lista renunciou voluntariamente a través de escrito de data 1 de febreiro pasado a contratación proposta.

Enténdese, por outra banda, amparada ésta contratación ó aveiro do disposto no artigo 20.2 da lei 30/2005, de 29 de decembro, de presupostos xerais do Estado para o ano 2006, xa que se trata de cubrir unha necesidade urxente nun servicio de recepción obrigatoria como a que nos ocupa.

A contratación dun auxiliar efectúase por un periodo de tres meses, establecéndose así mesmo que o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

Por todo elo, previo informe de fiscalización do gasto pola Intervención xeral, para facer fronte o gasto que supón a devandita contratación, o funcionario que subscribe PROPÓN á Xunta de Goberno Local dicte a seguinte proposta de Resolución:

“Autorizar á Alcaldía Presidencia para formalizar dous contratos laborais temporais de auxiliar administrativo baixo a modalidade de acumulación de tarefas, contrato eventual por circunstancias da produción, regulado polo RD Lexislativo 1/1995, Estatuto dos Traballadores, art. 8.2 e 15, lei 63/97 e RD 2720/98, de 18 de decembro, por un período de tres meses (prorrogable por outros tres), cos seguintes candidatos/as que figuran incorporados á lista de substitucións que se reflexa na acta da convocatoria para a contratación temporal de persoal auxiliar autorizado pola Xunta de Goberno Local de 4 de setembro de 2006:

- D. JOSE FRANCISCO ALVAREZ MARTINEZ, NIF.36.015.224-F
- . D^a. MARGARITA CASAS GARRIDO, NIF. 36.033.604-X

O/a referido/a aspirantes prestarán ós servizos propios da súa categoría profesional nos diferentes servizos municipais demandantes das contratacións propostas, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 138 da Relación de postos de traballo vixente, modificada pola Xunta de Goberno Local de 23 de decembro de 2005.

Con carácter previo á formalización do correspondente contrato as aspirantes deberán acreditar a correspondente titulación esixida para participar na convocatoria anteriormente referida“.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

MANIFESTAN:

Que en aras do interese Deportivo e social que para a cidade de Vigo ten a realización dos Concursos Hípicos Internacionais que con grande éxito vense celebrando dende principios do século pasado, o Excmo. Concello de Vigo e a Entidade “Servicios Hípicos Hipigal, SL” conveñen a realización do mesmo durante os vindeiros días 8-11 de febreiro do 2007, nos seguintes termos:

CLÁUSULAS:

Primeira: A lexislación aplicable a este convenio é a que sinala o artigo 5 LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Ley 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, con carácter básico e supletorio que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións; o Real Decreto 2225/1993, de 17 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para a concesión de subvencións públicas en canto non se opoñan ó establecido na LXS; as normas de desenvolvemento da LXS que se aproben; as Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2007; as restantes normas de dereito administrativo e, nos seu defecto, as normas de dereito privado.

En canto a subcontratación das actividades subvencionadas estarase conforme ao establecido no artigo 29 da LXS.

Servicios Hípicos Hipigal, SL para obter a condición de beneficiario deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 13 da LXS.

Segunda: O Excmo. Concello de Vigo comprométese a:

1. Autorizar a organización, e ceder os dereitos do Concurso Hípico Internacional de Vigo a “Servicios Hípicos Hipigal, SL.” para a celebración do mesmo os días 08-11 de Febreiro do 2007
2. Colaborar na xestión coa Fundación IFEVI do recinto Ferial de Cotogrande a cesión das instalacións do mesmo recinto Ferial para a celebración do Concurso Hípico –Copa do Mundo- do ano 2007, durante as datas necesarias para as labores de preparación, celebración e desmontaxe de tódolos requisitos do concurso hípico.
3. Face-lo aboamento a “Servicios Hípicos Hipigal, SL” dos gastos relacionados coa organización e o desenvolvemento do concurso hípico por unha cantidade de 150.000€ con cargo á partida - 4521 470 00 01 Convenio Hipigal -da Concellería de deportes do vixente presuposto.
4. Previo ó aboamento o Servizo de Deportes emitirá unha certificado sobre o desenvolvemento da actividade, e Servicios Hípicos Hipigal SL presentará facturas orixinais ata completar a totalidade da cantidade prevista de 150.000€

Tercera: “Servicios Hípicos Hipigal, S.L.” asume as seguintes obrigas:

1. *Organizar o Concurso Hípico de Saltos Internacional nas datas do 08-11 de Febreiro do 2007.*
2. *Xestionar a explotación dunha área para o servizos de bares e cafeterías, dentro do recinto ferial como complemento e servizo ao público asistente ao concurso hípico.*
3. *Asumir o compromiso asignado coa Fundación IFEVI, xestora do Recinto Ferial, sobre a utilización do recinto Ferial de Cotogrande.*
4. *Asumir as responsabilidades derivadas da organización do evento, cubrindo unha póliza de responsabilidade civil.*
5. *Facilitar o acceso a persoas con minusvalías físicas ao Recinto Ferial, tendo en conta a gratuidade para dito colectivo.*
6. *Todos os medios de promoción e difusión deberán empregar o galego como idioma cooficial do Concurso Hípico.*
7. *En todas as actividades que se desenvolvan dentro do Concurso Hípico, con independencia do patrocinio da actividade concreta de que se trate, deberá figurar nun lugar visible publicidade da Concellaría de Deportes do Concello de Vigo.*

Cuarta: *O seguimento da execución do presente convenio será realizado pola Concellaría de Deportes do Excmo. Concello de Vigo, compromentendose “Servizos Hípicos Hipigal, SL” a xustificar debidamente ante as mesmas os gastos efectuados para a realización do referido Concurso Hípico Internacional –Copa do Mundo 2007-.*

A Concellaría de Deportes, aportará os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.

A Concelleira de Deportes queda facultado para solucionar as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio.

Quinta *O prazo do convenio será única e exclusivamente para a realización do Concurso Hípico Internacional de Saltos de Vigo – Copa do Mundo- 2007.*

Sexta: *Así mesmo acordan que tódolos ingresos derivados de: venda de entradas, apostas, matriculas, alugamentos, así como calquera outro ingreso proveniente do referido Concurso Hípico, serán percibidos en beneficio de “Servizos Hípicos Hipical, S.L.” para sufragar os gastos do concurso e como compensación os servizos prestados o Excmo. Concello de Vigo, sen que teña nada que reclamar por ningún concepto.*

Setima: *As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 37 da LXS.*

Oitava: *Servizos Hípicos Hipigal SL deberá comunicar o Concello de Vigo calquera subvención que reciba para a organización do Concurso Hípico Internacional de Saltos de Vigo (Copa do Mundo de Hípica, 2007)*

Novena: A xustificación da subvención farase por parte do beneficiario en forma de conta xustificativa, segundo o previsto no artigo 30 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións. Acreditándose os gastos realizados mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente.

A Conta Xustificativa a que se refiére o parágrafo anterior, deberá incluír unha declaración das actividades realizadas que teñan sido financiadas coa subvención, así como o seu custo, co desglose de cada un dos gastos incurridos. Asemade, xunto coa xustificación deberá achegarse declaración actualizada sobre a percepción ou non, por parte do beneficiario, doutras axudas para as actividades subvencionadas neste convenio.

Tra-la presentación da conta, que deberá realizarse no prazo máximo de tres meses dende a finalización da actividade subvencionada, o Xefe do Servizo de Deportes procederá a emitir un certificado sobre a realización do evento e de conformidade coa conta xustificativa, previa ao pagamento dos 150.000€.

Así o conveñen no lugar e data no encabezamento expresados e asinan por duplicado o presente documento.

59(124).- CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA SOCIOCULTURAL DO ENTROIDO 2007 NA CIDADE DE VIGO. Expte.2124/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 24.01.06 e de acordo do informe-propsota da técnica de Festas e Animación Sociocultural, do 29.01.07, conformado polo primeiro tenente de alcalde e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais e a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, para a organización da programación do “Entroido 2007, que terá lugar na nosa cidade do 16 ao 21 de febreiro de 2007.

2º.- Facultar ó concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asinar o citado convenio.

3º.- Autorizar un gasto por un importe total de 92.945.-euros, en concepto do estipulado no referido convenio, con cargo á partida 451.2.226.08.03 do programa orzamentario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio, e que se aboará de forma equitativa entre as dúas entidades citadas.

4º.- Que o citado pagamento se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.

PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO ENTROIDO 2007.

Vigo, de dous mil sete,

REUNIDOS

Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, concelleiro da Área de Asuntos Sociais e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con enderezo na cidade de Vigo, Praza do Rei, s/n; en adiante O CONCELLO.

Doutra parte, os representantes das seguintes entidades:

D. JOSÉ LOURIDO PENEDO, presidente da AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS, CIF G-36.791.291, con enderezo na rúa Cabalaria, 47, 1º, 36215 VIGO, e número de inscrición 386/95 no rexistro municipal de asociacións.

D. BALBINO MOREIRA VÁLLEZ, presidente da FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO", CIF G-36.704.666, enderezo na praza Gallegos Ilustres, 36203 VIGO, e número de inscrición 143/90 no rexistro municipal de asociacións.

En adiante, "Comisión organizadora".

MANIFESTAN

1. Que o Entroido é un acontecemento festivo arraigado na cidade de Vigo, que se considera recuperado dende hai máis de vinte anos, e no que participa masivamente toda a cidadanía.
2. Que o Concello de Vigo leva a cabo dende hai anos un labor importante de recuperación e impulso desta festividade, mediante a programación de actividades socioculturais diversas, de concursos de comparsas de adultos e escolares; concurso de carteis; actuacións musicais e verbenas; animación infantil; enterro do meco; recuperación do Rei Momo...
3. Que no Entroido participan activamente e de forma intensiva diversas entidades con carácter cultural, social e veciñal, aspecto que ben recollido na propia lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei reguladora de bases de réximen local.
4. Que dende o ano 96 estanse a asinar convenios de colaboración entre estas entidades e o Concello de Vigo, cun resultado moi satisfactorio para ambas partes. Por todo isto, as entidades que forman a COMISIÓN ORGANIZADORA amósanse interesadas e dispostas a organizar a programación da presente edición do Entroido na cidade de Vigo.

Polo que, en consideración ó antes exposto, o Concello de Vigo e as entidades referidas establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto a organización do programa sociocultural do ENTROIDO 2007 que se oferta á cidade de Vigo, segundo o proxecto de actividades que figura no anexo I.

SEGUNDA.- A programación do ENTROIDO 2007 levarase a cabo na cidade de Vigo entre os días 16 ao 21 de febreiro, ambos inclusive, no centro da cidade e nos lugares concretos que se indican no proxecto de programa.

TERCEIRA.- O orzamento xeral do convenio para o ENTROIDO 2007, con tódolos conceptos e impostos incluídos, ascende a un total de 92.945.-euros, que se financiarán con cargo á partida 451.2.226.08.03 do programa orzamentario da Concellería de Festas e Animación Sociocultural correspondente ó vixente exercicio económico. A desagregación deste orzamento figura no anexo II deste convenio, según o presentado pola COMISIÓN ORGANIZADORA.

CUARTA.- As obrigas que asume a COMISIÓN ORGANIZADORA respecto do Concello son as seguintes:

1. *Cumprir o programa obxecto deste convenio, segundo o proxecto que figura no anexo I, e que foi confeccionado pola comisión organizadora. A comisión encargada da planificación, seguimento e execución deste programa estará formada polos seguintes membros:*

➤ *Pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais:*

José Lourido Penedo.

Juan José Nogueira Sánchez

➤ *Pola Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”:*

Juan Carlos Padín Nieto.

Raul Vila Caride.

Así mesmo, forma parte desta comisión en representación do Concello de Vigo, con funcións de supervisión, seguimento e control de todo o referente á organización, desenvolvemento e contratacións, a técnica responsable do servizo de Festas e Animación Sociocultural.

2. *Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizar, no seu caso, as correccións técnicas que resulten necesarias.*

3. *Proporcionar toda a infraestrutura e o persoal de organización cualificado necesarios para as actividades comprendidas na programación obxecto do convenio, ademais de cubrir os desprazamentos necesarios.*

4. *Contratar tódos os elementos necesarios para o programa, por exemplo:*

1. *Actuacións musicais e doutra índole.*

2. *Infraestructuras: valados de seguridade, escenarios, portófonos e outra necesaria.*

3. *Alumeado ornamental.*

4. *Todo o correspondente ó enterro do meco e desfile de comparsas.*

5. *Programación infantil.*

6. *Servicios de primeiros auxilios.*

7. Pregón.
8. Decoración do palco
9. Calquera outro necesario para o bo desenvolvemento do programa.

Neste sentido, a comisión organizadora procurará sempre que sexa posible solicitar varios orzamentos para cada contratación que se realice, co obxecto de debatelos na comisión e escoller a opción máis vantaxosa, sobre todo no referente ás orquestras, material gráfico, animación infantil e material decorativo (meco, enterro da sardiña...).

5. Todo o relacionado cos concursos de comparsas, así como o seu percorrido, virá determinado polas bases correspondentes que aprobe a Comisión de Goberno.
6. Darlle á programación a maior difusión posible, utilizando os mecanismos habituais da Concellería de Festas e Animación Sociocultural, e respectando a imaxe corporativa do Concello. Para tal fin editaranse carteis e programas.
7. Devolver os locais e equipamentos cedidos polo Concello nas mesmas condicións da entrega. As perdas ou deterioros destes materiais ou instalacións serán restituídas pola comisión organizadora, dentro do período de vixencia do presente convenio.
8. Comunicar os posibles cambios no programa que se puidesen producir, antes do seu comezo, para recabar a correspondente conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural ás posibles modificacións. Así mesmo, deberán comunicar, á maior brevidade posible, calquera incidencia acontecida durante o desenvolvemento do programa (necesariamente deberase remitir informe escrito do feito acontecido por parte dos responsables da comisión).
9. Asumir tódolos seguros relativos ás actividades e espectáculos que se inclúen no programa e que procedan segundo a lexislación vixente: responsabilidade civil, accidentes, etc, para dar resposta ás posibles incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade das entidades asinantes. As entidades presentarán copia destes seguros antes da sinatura do presente convenio.
10. Cumprir os horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa da Xunta. Así mesmo, deberán cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ó respecto.
11. Presentar na Concellería de Festas e Animación Sociocultural a memoria do programa ENTROIDO 2007 dentro dos dez días hábiles seguintes a súa finalización, onde figurarán, como mínimo os seguintes datos: participación, memoria de prensa, un rexistro fotográfico, parte xeral de incidencias e balance económico.
12. Asumir a edición do material gráfico da programación do Entroido 2007 e da súa distribución (1.500.- carteis e 20.000.- programas de man), para o que deberá contar coa conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural. Neste sentido, esta concellería facilitará á comisión organizadora o cartel que resulte gañador do “XXI Concurso de carteis do entroido”, antes do día 31 de xaneiro. Todo o material editado deberá contar cos depósitos legais correspondentes.
13. Deberán obter tódolos permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades e espectáculos incluídos no programa do Entroido 2007.
14. Xestionar e aboar os dereitos de autor que se xeren como consecuencia desta programación.
15. Asumir tódolos gastos que se poidan derivar da execución do convenio.
16. Durante o desenvolvemento das actividades incluídas no programa, o responsable da comisión organizadora estará en permanente contacto co todo o persoal despregado, así como cos membros de Policía Local, Protección Civil e servicios de primeiros auxilios presentes. Así mesmo, deberá estar en permanente contacto co persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural. Para facer posible este cometido, a

organización deberá dispor dun mínimo de dez portáfonos ó seu cargo, ademais de teléfonos móbiles ou outro sistema de comunicación similar, en perfecto estado de uso e coa suficiente batería para garantir esta función, durante todo o período de desenvolvemento da actividade.

QUINTA.- As obrigas que asume o Concello de Vigo son as seguintes:

- 1. O Concello de Vigo comprométese a achegar a cantidade de 92.945.-euros, para financiar a realización do programa do ENTROIDO 2007, segundo o presuposto que figura no anexo II.*
- 2. A Concellería de Festas e Animación Sociocultural xestionará a presenza dos servicios de Policía Local, Protección Civil e Bombeiros nas actividades do programa que o precisen.*
- 3. Determinará o xurado do concurso de comparsas e facilitará na medida do posible a tramitación interna de todos os permisos e autorizacións municipais necesarios para a realización das actividades do ENTROIDO 2007.*

SEXTA.- A participación en tódalas actividades previstas no programa do Entroido 2007 serán gratuítas e dirixidas ó público en xeral, limitándose unicamente ó aforo dos recintos e espazos onde se leven a cabo.

SÉTIMA.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese con base nas memorias e informes que presente a comisión organizadora e da presenza do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural nas propias actividades que se determinen.

OITAVA.- A produción e difusión de material gráfico relacionado coas actividades do programa serán asumidas íntegramente pola comisión organizadora. O material editado deberá contar coa conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural e disporá dos depósitos legais que lle correspondan. A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estarán íntegramente en idioma galego.

O logotipo e anagrama do Concello de Vigo, Concellaría de Festas e Animación Sociocultural figurará debidamente nos soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, a prelación en orde de tamaño será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

A difusión ós medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, entrevistas, traballos, etc.) deberá estar acordada coa Concellería de Festas e Animación Sociocultural.

Así mesmo, todo o persoal de organización ou relacionado coa mesma deberá utilizar o galego para dirixirse ó público asistente ás actividades do programa, e en todo caso cumprir co estipulado na Ordenanza Municipal de Normalización lingüística.

NOVENA.- O Concello de Vigo aboará o importe estipulado na cláusula terceira según o seguinte:

1.- Unha primeira achega a conta de 46.472,5 .-euros, o día 15 de febreiro, mediante transferencias bancarias e de forma equitativa ás dúas entidades asinantes.

2.- Unha segunda entrega-liquidación por importe de 46.472,5 .-euros, previa certificación do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural á correspondente memoria-avaliación do Entroido 2007 e a

documentación xustificativa de gastos e ingresos, mediante transferencias bancarias e de forma equitativa dúas entidades asinantes. Para poder realizar esta liquidación o perceptor deberá presentar solicitude de pagamento.

DÉCIMA.- En caso dalgún incumprimento do clausulado do presente convenio, realizaranse os descontos e, no seu caso, devolucións correspondentes, de conformidade ó orzamento que figura no anexo II e cos prorrateos ós que houbese lugar.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2007, e non será prorrogable.

DÉCIMO SEGUNDA.- O concelleiro da Área de Asuntos Sociais queda facultado para solucionar as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan o seu cumprimento e desenvolvemento.

*E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado o presente convenio no lugar e data que se indican,
POLO CONCELLO DE VIGO.*

ANEXO I

Programa obxecto do convenio do "ENTROIDO 2007"
Vigo, do 16 ao 21 de febreiro de 2007"

ACTIVIDADES PREVIAS

ACTIVIDADE: Concurso de coplas. Actuacións da metade dos grupos participantes no concurso de coplas.

DÍA: Xoves 15 de febreiro.

LUGAR: Praza da Constitución.

HORA: De 19:00 horas a 22:00 horas.

ACTIVIDADES DO ENTROIDO

DÍA: Venres 16 de Febreiro.

ACTIVIDADE: Pregón, actuación dos grupos restantes do Concurso de Coplas e Entronización do Meco.

LUGAR: Praza da Constitución.

HORA: De 19:00 horas a 22:00 horas.

DÍA: Sábado 17 de Febreiro.

ACTIVIDADE: Desfile do concurso de comparsas polas seguintes rúas: García Barbón, Policarpo Sanz, e Porta do Sol. (O palco para o xurado instalarase ao lado da cafetería "Oh Vigo".)

HORA: 18:30 horas.

ACTIVIDADE: Verbena.

LUGAR: Porta do Sol (Palcos en Sireno e Auditorio García Barbón).

HORA: De 22:30 horas a 02:30 horas.

DÍA: Domingo 18 de Febreiro.

ACTIVIDADE: Entroido cos nenos (inchables, obradoiros e actuacións).

LUGAR: Praza do Rei, Lonxa e Auditorio do Concello.

HORA: De 16:00 a 20:00 horas.

DÍA: Luns 19 de Febreiro.

ACTIVIDADE: Entroido cos nenos (inchables, obradoiros e actuacións).

LUGAR: Praza do Rei, Lonxa e Auditorio do Concello.

HORA: De 16:00 a 20:00 horas.

ACTIVIDADE: Festival Folk do Entroido.

LUGAR: Praza da Constitución.

HORA: De 19:30 a 22:00 horas.

DÍA: Martes 20 de Febreiro.

ACTIVIDADE: Entroido cos nenos (inchables, obradoiros e actuacións).

LUGAR: Praza do Rei, Lonxa e Auditorio do Concello.

HORA: De 16:00 a 20:00 horas.

ACTIVIDADE: Verbena.

LUGAR: Porta do Sol.

HORA: De 22:30 a 01:30 horas.

ACTIVIDADE: Xuizo, sentenza e queima do Meco

LUGAR: Praza do Rei.

HORA: 23:45 horas.

DÍA: Mércores 21 de Febreiro.

ACTIVIDADE: Velorio do cadaleito.

LUGAR: Praza da Constitución.

HORA: 18:30 horas.

ACTIVIDADE: Enterro do Meco. Desfile de Comparsas acompañando ao cadaleito polas seguintes rúas: García Barbón, Policarpo Sanz, e Porta do Sol. (O palco para o xurado instalárase ao lado do “Oh Vigo”).

HORA: 19:30.

ACTIVIDADE: Responso, sepelio e lectura do testamento.

LUGAR: Praza da Constitución.

HORA: 21:00 horas.

ACTIVIDADE: Lectura da acta do xurado e remate das festas do Entroido.

LUGAR: Praza da Constitución.

HORA: 21:15 horas.

Anexo II

ORZAMENTO “ENTROIDO 2006”

<i>CONCEPTO</i>	<i>IMPORTE</i>
<i>ORQUESTAS</i>	<i>12000</i>
<i>ILUMINACIÓN</i>	<i>12000</i>
<i>SON</i>	<i>5000</i>
<i>PALCOS E CARPAS</i>	<i>2500</i>
<i>S.G.A.E</i>	<i>900</i>
<i>SERVICIO DE ORDE</i>	<i>22000</i>
<i>GRUPO DE TRABALLO</i>	<i>4000</i>
<i>REPORTAXE FOTOGRÁFICA</i>	<i>500</i>
<i>IMPRESA</i>	<i>3000</i>
<i>MECO</i>	<i>6000</i>
<i>CRUZ VERMELLA</i>	<i>700</i>
<i>TRANSPORTES</i>	<i>1000</i>
<i>VARIOS (ENTRONIZACIÓN, AGASALLOS...)</i>	<i>4000</i>
<i>ENTROIDO DOS NENOS</i>	<i>9000</i>
<i>COPLAS</i>	<i>2900</i>
<i>CONCERTO FOLK</i>	<i>1500</i>
<i>DECORACIÓN PALCO</i>	<i>2500</i>
<i>VALADOS DE SEGURIDADE</i>	<i>3045</i>
<i>PREGÓN</i>	<i>400</i>
<i>TOTAL</i>	<i>92945</i>

60(125).- INTERPRETACIÓN DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN Nº 1 E 5 DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Con data 23.01.06 o xefe do Servizo de Investimentos emite escrito en relación co prego de cláusulas administrativas particulares do “Concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade”, interesando da Xunta de Goberno local, como órgano de contratación, a interpretación clara e taxativa do antepenúltimo parágrafo do apartado punto 1 da letra B do artigo 14 e do último parágrafo do punto 5 do apartado B de dito artigo e moi especificamente polo que concerne ó significado das expresións “tarifa media fraccionaria” e “prezo medio das prazas”, respectivamente.

Con data 30.01.07, o secretario xeral do Pleno e o titular da Asesoría Xurídica deste Concello, emiten o seguinte informe ó respecto:

INTERPRETACIÓN DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN Nº 1 E 5 DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe o concurso.

ANTECEDENTES:

A Secretaría Xeral do Pleno participou na redacción do Prego de Cláusulas Administrativas, dende esa perspectiva procede á emisión do informe solicitado polo Presidente da Mesa de Contratación que así mesmo debe ser emitido polo Titular da Asesoría Xurídica na súa calidade de asesor xurídico da Xunta de Goberno Local, órgano de contratación. Cumprimentando tal petición efectúase o seguinte,

INFORME:

O artigo 14.B fala da cuantificación dos baremos de adxudicación do concurso. Este precepto nos parágrafos terceiro e cuarto do apartado 1, referido ó menor importe das tarifas medias de prazas de uso rotatorio, sinala:

**Atoparase a tarifa media ponderando o número de prazas de uso rotatorio previstas en cadaún dos tres aparcadoiros de cada lote.*

**Adxudicaranse 25 puntos á oferta que teña a tarifa media menor, é dicir, á máis baixa.*

**O resto das ofertas valoranse proporcionalmente á baixa ofertada na tarifa media. (O concepto de “baixa ofertada” non é outro que o importe da tarifa media que consta en cada oferta, o de a “tarifa media” tamén é o do oferta pois non outro menciona o prego sen que poda entenderse que tal “tarifa media” se refira á media aritmética da totalidade das ofertas presentadas. En definitiva, “baixa ofertada” e “tarifa media” son termos sinónimos e, neste caso, reiterativos. Fálase de tarifa “media” porque en cada lote existen tres aparcadoiros que poder ter tarifas distintas).*

Para calcular a puntuación das restantes ofertas aplicarase unha proporcionalidade inversa con referencia á menor baixa ofertada á que corresponderán 25 puntos.

Exemplo: Puntuación dunha oferta que popón unha “tarifa media” de 2,62 cts./min. tendo en conta que a tarifa media máis baixa das ofertadas é de 1,70 cts./min.

$$\frac{1,70}{2,62} = \frac{25}{X} ; \frac{1,70}{X} = \frac{25}{2,62} ; X = \frac{25 \cdot 1,70}{2,62} ; X = 16,22 \text{ puntos}$$

Polo que se refiere ó criterio 5 o concepto “prezo medio” coincide co de “tarifa media”, é dicir, será o que conste na oferta pois non outro menciona o prego. Aquí tampouco debe entenderse que estea referido á media aritmética da totalidade das ofertas presentadas.

Neste criterio a puntuación final das ofertas intermedias calcularase seguindo os criterios do prego, é dicir, tendo en conta que se outorga 6 puntos o prezo medio menor e 0 puntos ó maior outorgaranse 3 puntos o prezo medio (media aritmética) da totalidade dos prezos medios ofertados, a partir desta cantidade establecerase unha proporcionalidade inversa.

Exemplo: Puntuación dunha oferta que propón un “prezo medio” de 34.500 € tendo en conta que a media aritmética da totalidade dos prezos medios ofertados é de 32.700 €

$$\frac{32.700}{34.500} = \frac{3}{X} ; \frac{32.700}{34.500} = \frac{X}{3} ; X = \frac{32.700 \cdot 3}{34.500} ; X = 2,84 \text{ puntos}$$

Esta Secretaría e o titular da Asesoría Xurídica da Alcaldía e da Xunta de Goberno Local entenden que estes criterios interpretativos, que deberán ser aprobados polo órgano de contratación, son obxectivos, respectuosos coa idea do concurso como forma de adxudicación do contrato, favorecedores do criterio de concurrencia que rexe nas licitacións públicas e totalmente acordes coa literalidade do prego.

Acordo

A Xunta de Goberno local presta a súa conformidade ó precedente informe.

61(126).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión nove horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez